

Proxecto do Decreto ____/____, do ____ de _____, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é da competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e a súa garantía.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das modalidades formativas.

No artigo 10, números 1 e 2, da devandita lei establécese que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se dispón no artigo 149.1, 30ª e 7ª da Constitución española, e logo da consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, determinará os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cuxos contidos poderán ampliar as administracións educativas no ámbito das súas competencias.

No artigo 8.1 establécese, así mesmo, que os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado e serán expedidos polas administracións competentes.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no capítulo V do seu título I os principios xerais da formación profesional inicial e dispón no artigo 39.6 que o Goberno, logo da consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e a Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, introduciron modificacións na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no marco legal das ensinanzas de formación profesional, que pretendéron, entre outros aspectos, adecuar a oferta formativa ás demandas dos sectores produtivos.

Pola súa vez, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, en aspectos que atinxen ao procedemento de acceso e admisión ás ensinanzas de formación profesional, e tamén desde estas ensinanzas aos estudos universitarios de grao.

O Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, tomando como base o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social.

No seu artigo 8 establece que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, establecerán os currículos correspondentes ampliando e contextualizando os contidos dos títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e respectando o seu perfil profesional.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina nos seus capítulos III e IV, dedicados ao currículo e á organización das ensinanzas, a estrutura que deben seguir os currículos e os módulos profesionais dos ciclos formativos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Publicado o Real decreto 1679/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer o currículo correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, este decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Para estes efectos, e de acordo co establecido no citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, determínanse a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a prospectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo para cada módulo profesional no que se refire a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para os efectos de docencia.

Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as modalidades e as materias de bacharelato que facilitan a conexión co ciclo formativo, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociada a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza preciso para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

Neste sentido, a inclusión do módulo de Formación en centros de traballo posibilita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante

a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos, que non terán carácter laboral, en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas exigencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

O módulo de Proxecto que se inclúe no ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos permitirá integrar de forma global os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaran no resto dos módulos profesionais, con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de Formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

No marco das accións da Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020 (EDU-lingüe), para impulsar o ensino e a aprendizaxe de linguas estranxeiras, e segundo o establecido no artigo 16 do citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o tratamento do idioma estranxeiro no ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos realizarase incorporando ao seu currículo dous módulos de Lingua estranxeira profesional (I e II).

Estes módulos profesionais conteñen a formación necesaria para que o alumnado alcance unha competencia comunicativa eficaz en lingua estranxeira, no relativo ás súas destrezas orais, escritas e de interacción, como persoa usuaria independente. Trátase dunha formación requirida para o desenvolvemento da actividade formativa do alumnado, para favorecer a súa inserción laboral e para o seu futuro exercicio profesional.

De acordo co artigo 10 do citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establécese a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración, coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida, respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, consultados o Consello Galego de Formación Profesional e o Consello Escolar de Galicia, de acordo co / oído o Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día ____ de ____ de dous mil _____,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto establecer o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos, establecido polo Real decreto 1679/2011, do 18 de novembro.

CAPÍTULO II

Identificación do título, perfil profesional, contorno profesional e perspectiva do título no sector ou nos sectores

Artigo 2. *Identificación*

O título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos identifícase polos seguintes elementos:

- Denominación: Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- Nivel: formación profesional de grao superior.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: Téxtil, Confección e Pel.
- Referente europeo: CINE-5b (Clasificación internacional normalizada da educación).
- Nivel do Marco español de cualificacións para a educación superior: nivel 1; técnico superior.

Artigo 3. *Perfil profesional do título*

O perfil profesional do título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título.

Artigo 4. *Competencia xeral*

A competencia xeral do título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos consiste en realizar produtos de confección á medida a partir de deseños propios ou alleos, e establecer, organizar e realizar os procesos no ámbito da xastraría, a modistaría e os espectáculos, atendendo os requisitos da clientela, para conseguir artigos viables coa calidade requirida.

Artigo 5. *Competencias profesionais, persoais e sociais*

As competencias profesionais, persoais e sociais do título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos son as que se relacionan:

a) Identificar as necesidades da clientela a partir da información subministrada por esta e do contexto en que se vaia utilizar o produto.

b) Diseñar ou elixir un deseño existente de produtos de confección á medida que sexa viable, tecnicamente e economicamente, en función das demandas ou das características da clientela e das tendencias da moda.

c) Utilizar con eficacia as fontes de información para analizar tendencias de moda aplicables ao vestiario á medida e para o espectáculo.

d) Innovar en produtos, procesos e materiais no ámbito do vestiario á medida e para o espectáculo, xerando novos deseños e posibilidades de utilización.

e) Seleccionar os materiais que se deben utilizar na confección dun produto, analizando a documentación técnica que o define e as medidas tomadas ao/á cliente/a.

f) Realizar a modelaxe dos produtos de confección á medida sobre manequín, de acordo co deseño proposto.

g) Elaborar os padróns necesarios co máximo aproveitamento dos recursos, axustados ao deseño proposto e ás medidas dos/das clientes/as.

h) Asegurar os prazos de entrega e a calidade dos produtos de confección á medida, garantindo a seguridade laboral e ambiental.

i) Cumprir os estándares de calidade e de seguridade establecidos de acordo cos modelos e cos padróns, ao realizar as operacións de corte e ensamblaxe.

j) Confeccionar pezas e conxuntos de vestiario á medida, axustándose ás necesidades da clientela.

k) Confeccionar vestiario e complementos para espectáculos, axustándose aos figurinos do proxecto artístico.

l) Confeccionar pezas e conxuntos de xastraría clásica, axustándose ás necesidades da clientela.

m) Dotarse de materias primas e auxiliares, e preparalas para os procesos de corte, confección, ensamblaxe e acabado de produtos de confección á medida.

n) Elaborar orzamentos de proxectos de confección á medida, aplicando prezos de mercado e calculando os recursos necesarios.

ñ) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

o) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.

p) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, e supervisar o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas e asumindo o liderado, e achegar solucións aos conflitos grupais que se presenten.

q) Comunicarse con iguais, persoal de nivel superior, clientela e persoas baixo a

súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información e os coñecementos adecuados e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

r) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e cos obxectivos da empresa.

s) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

t) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.

u) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

Artigo 6. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título

1. Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

Realización de vestuario á medida en téxtil e pel, TCP470_3 (Real decreto 1224/2010, do 1 de outubro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC1513_3: Procurar información e documentar os cambios na silueta, nos usos e nos costumes da indumentaria.

UC1514_3: Xestionar recursos para a realización de vestuario á medida.

UC0913_3: Desenvolver a modelaxe de pezas sobre manequín.

UC1515_3: Crear padróns de pezas para vestuario á medida.

UC1516_3: Supervisar e realizar os procesos de corte, confección, probas e acabamentos de vestuario á medida.

UC1237_2: Atender a clientela nos servizos de realización de vestuario á medida.

2. Cualificacións profesionais incompletas:

a) Padronaxe de artigos de confección en téxtil e pel, TCP286_3 (Real decreto 1199/2007, do 14 de setembro):

UC0474_3: Analizar materias primas, produtos e procesos de confección, calzado e marroquinaría.

UC0912_3. Analizar e interpretar o deseño, colaborando na definición do produto en téxtil e pel.

b) Realización de vestuario para o espectáculo, TCP471_3 (Real decreto 1224/2010, do 1 de outubro):

UC1518_3: Planificar o desenvolvemento do vestuario a partir dos figurinos do

proxecto artístico.

UC1519_3: Realizar a modelaxe, a padronaxe e o corte de vestiario do espectáculo.

UC1521_3: Transformar materiais téxtiles e non téxtiles para o seu uso en vestiario de espectáculo.

Artigo 7. *Contorno profesional*

1. As persoas que obteñen o título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos exercen a súa actividade no sector da elaboración de vestiario á medida e para os espectáculos, en pequenas e medianas empresas, por conta propia ou por conta allea, e en grandes empresas por conta allea, desenvolvendo funcións de elaboración, nomeadamente, e de deseño e xestión dos recursos.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Modelista-padronista de pezas de vestir.
- Xastre/a á medida.
- Xastre/a de vestiario do espectáculo.
- Modisto/a.

Artigo 8. *Prospectiva do título no sector ou nos sectores*

1. A demanda de produtos cada vez con maior valor engadido, totalmente personalizados, con materiais e acabamentos cada vez máis sofisticados, por parte dunha clientela cada vez máis exixente canto a orixinalidade e calidade, marca a liña para poder ser competitivos con respecto a outros tipos de confección industrializada, onde os custos de produción son máis baixos.

2. O incremento da competencia procedente principalmente doutros países que ofrecen produtos estándar a moi baixo prezo está a desprazar a produción cara a artigos de alta calidade. Isto comporta un cambio de mercado cara a sectores con maior exixencia canto a calidade e deseño. Por iso, prevese unha maior diversificación de produtos con tendencia a fabricar series moi curtas de alta calidade ou moi especializadas.

3. Malia tratarse dunha profesión eminentemente artesanal, na que a destreza manual é moi importante, o progresivo cambio nos métodos de traballo e innovacións tecnolóxicas implicará a esixencia dunha evolución continua nas súas competencias profesionais e, xa que logo, unha formación ao longo da vida profesional que permita a súa continua adaptación e con maiores graos de autonomía profesional, o que ha exixir da persoa a identificación, a análise e a resolución de problemas relativos ao seu propio traballo.

CAPÍTULO III

Ensinanzas do ciclo formativo e parámetros básicos de contexto

Artigo 9. *Obxectivos xerais*

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos son os seguintes:

a) Identificar as técnicas de comunicación e xestión de reclamacións, seleccionando os datos salientables para atender as necesidades da clientela.

b) Analizar os produtos de confección, téxtil e pel, identificando os materiais, os compoñentes e os procesos produtivos para o seu deseño e a súa posterior confección á medida.

c) Analizar a evolución das tendencias de moda en vestiario, relacionándoas cos contextos socioeconómicos e tecnolóxicos de cada época, para utilizar eficazmente as fontes de información.

d) Identificar o proceso de creación de modelos e padróns para confección á medida, aplicando as técnicas manuais e as ferramentas informáticas necesarias para elaborar produtos innovadores.

e) Analizar os materiais e os compoñentes de produtos de téxtil e pel e de calzado e marroquinaría, recoñecendo as súas características, para seleccionar os máis adecuados para a elaboración dos produtos.

f) Desenvolver prendas á medida sobre manequín, aplicando técnicas de confección, para realizar a modelaxe das pezas.

g) Determinar as necesidades de materiais para a elaboración de pezas de confección á medida, aplicando técnicas de corte, para garantir o aproveitamento dos recursos.

h) Determinar a secuencia de operacións, recursos, controis de calidade e medios de seguridade necesarios, aplicando técnicas de programación do traballo, para asegurar os prazos de entrega e a calidade dos produtos de confección á medida.

i) Desenvolver habilidades básicas de confección á medida, aplicando técnicas de corte e ensamblaxe, para garantir os estándares de calidade e seguridade.

j) Elaborar pezas e conxuntos de vestiario á medida, aplicando técnicas de confección á medida e realizando os axustes derivados das probas, para confeccionar vestiario á medida, axustándose ás necesidades da clientela.

k) Elaborar pezas de roupa e complementos para espectáculos, aplicando técnicas de confección á medida e realizando os axustes derivados das probas, para confeccionar vestiario e complementos para espectáculos, axustándose aos figurinos do proxecto artístico.

l) Elaborar pezas e conxuntos de xastraría clásica, aplicando técnicas de confección á medida e realizando os axustes derivados das probas, para confeccionar pezas e conxuntos de xastraría clásica, axustándose ás necesidades da clientela.

m) Xestionar os fluxos de materiais, produtos e información, aplicando as técnicas básicas da loxística á confección á medida, para realizar o abastecemento de materias primas e o almacenamento e a distribución de produtos terminados.

n) Calcular os custos de confección á medida, aplicando prezos de mercado, pa-

ra elaborar orzamentos de proxectos de confección á medida.

ñ) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.

o) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presentan nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.

p) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.

q) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.

r) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.

s) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoal e colectiva, consonte a normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir contextos seguros.

t) Identificar e propor as accións profesionais necesarias, para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.

u) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade, e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.

v) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

w) Recoñecer os seus dereitos e os seus deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

x) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero e o coñecemento da realidade homosexual, transexual, transxénero e intersexual.

Artigo 10. Módulos profesionais

Os módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos, que se desenvolven no anexo I, son os que se relacionan:

MP0276. Materiais en téxtil, confección e pel.

MP0585. Técnicas de modelaxe e padronaxe de vestiario á medida.

MP0586. Xestión de recursos de vestiario á medida.
MP0587. Vestiario de espectáculos.
MP0588. Xastraría clásica.
MP0589. Moda e tendencias no vestir.
MP0590. Deseño de vestiario á medida.
MP0591. Confección de vestiario á medida.
MP0592. Proxecto de vestiario á medida e espectáculos.
MP0620. Formación e orientación laboral.
MP0900. Empresa e iniciativa emprendedora.
MPI003. Lingua estranxeira profesional I.
MPI004. Lingua estranxeira profesional II.
MP0901. Formación en centros de traballo.

Artigo 11. *Espazos e equipamentos*

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos son os establecidos no anexo II.
2. Os espazos formativos establecidos respectarán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo, e cantas outras normas sexan de aplicación.
3. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado que curse o mesmo ou outros ciclos formativos, ou etapas educativas.
4. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.
5. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberán estar en función do número de alumnos e alumnas, e han ser os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe.
6. O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos, e cantas outras sexan de aplicación, e respectaranse os espazos ou as superficies de seguridade que exixan as máquinas en funcionamento.

Artigo 12. *Profesorado*

1. A docencia dos módulos profesionais que constitúen as ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos correspóndelle ao profesorado do corpo de catedráticos e catedráticas de ensino secundario, do corpo de profesorado de ensino secundario e do corpo de profesorado técnico de formación profesional, segundo proceda, das especialidades establecidas no ane-

xo III A).

2. As titulacións requiridas para acceder aos corpos docentes citados son, con carácter xeral, as establecidas no artigo 13 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei. As titulacións equivalentes ás anteriores para os efectos de docencia, para as especialidades do profesorado, son as recollidas no anexo III B).

3. As titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais que formen o título, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas, concrétnanse no anexo III C).

A consellería con competencias en materia de educación establecerá un procedemento de habilitación para exercer a docencia, no que se exixirá o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

a) Que as ensinanzas conducentes ás titulacións citadas engloben os obxectivos dos módulos profesionais, expresados en resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos.

b) Se os devanditos obxectivos non estivesen incluídos, ademais da titulación deberá acreditarse mediante certificación unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos no sector vinculado á familia profesional, realizando actividades produtivas en empresas relacionadas implicitamente cos resultados de aprendizaxe. A certificación da experiencia laboral deberá ser xustificada nos termos do artigo 12 do Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

4. O profesorado que imparta os módulos de Lingua estranxeira profesional en centros públicos deberá cumprir calquera dos seguintes requisitos:

a) Posuír a especialidade do profesorado da lingua estranxeira na que se imparta o módulo de Lingua estranxeira profesional.

b) Profesorado con atribución docente no ciclo formativo que posúa a habilitación lingüística que corresponda ao nivel C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas, de acordo coa normativa aplicable en Galicia.

5. No caso de que o profesorado encargado de impartir os módulos de Lingua estranxeira profesional non estea integrado nun departamento de linguas, será obrigatoria a súa adscrición ao departamento didáctico da familia profesional á que pertence o ciclo formativo no que imparta o maior número de horas.

6. O profesorado que imparta os módulos de Lingua estranxeira profesional en centros de titularidade privada ou doutras administracións distintas da educativa deberá cumprir os mesmos criterios que os fixados para a habilitación do profesorado que imparte no ensino secundario a lingua estranxeira correspondente, ou cumprir os requisitos para ser habilitado en calquera outro módulo profesional do ciclo formativo asociado, de ser o caso, a algunha unidade de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, e ademais posúa, para a lingua es-

tranxeira a impartir, unha titulación correspondente ao nivel C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas.

CAPÍTULO IV

Accesos e vinculación a outros estudos, e correspondencia de módulos profesionais coas unidades de competencia

Artigo 13. Preferencias para o acceso ao ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos, en relación coas modalidades e as materias de bacharelato cursadas

Terá preferencia para acceder ao ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos o alumnado que cursase as modalidades de bacharelato de Artes, e de Humanidades e Ciencias Sociais.

Artigo 14. Acceso e vinculación a outros estudos

1. O título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos permite o acceso directo para cursar calquera outro ciclo formativo de grao superior, nas condicións de admisión que se establezan.

2. O título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos permite o acceso directo ás ensinanzas conducentes aos títulos universitarios de grao, logo da superación do procedemento de admisión que se estableza.

3. Para os efectos das validacións entre o título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos e as ensinanzas universitarias de grao, a asignación de créditos entre todos os módulos profesionais deste ciclo formativo é de 120 créditos ECTS, de conformidade co establecido no artigo 14 do Real decreto 1679/2011, do 18 de novembro.

Artigo 15. Validacións e exencións

1. As validacións entre os módulos profesionais dos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os módulos profesionais do título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos, establécense no anexo IV.

Os módulos profesionais Lingua estranxeira profesional I e Lingua estranxeira profesional II poderanse validar, en virtude do disposto no artigo 53.1 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, con calquera outro módulo profesional dos ciclos formativos de grao superior que teña a mesma denominación.

Segundo o disposto no artigo 40.5 do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, determínase que os módulos profesionais de Lingua estranxeira profesional I e II, sempre que se trate da mesma lingua, poderán ser obxecto de validación con módulos profesionais, e con certificacións oficiais e titulacións universitarias, de nivel avanzado B2 ou superior, no caso de ciclos de grao superior.

2. As persoas que tivesen superado o módulo profesional de Formación e orientación laboral, ou o módulo profesional de Empresa e iniciativa emprendedora, en calquera dos ciclos formativos correspondentes aos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terán validados os devanditos módulos en calquera outro ciclo formativo establecido ao abeiro da mesma lei.

3. As persoas que obtivesen a acreditación de todas as unidades de competencia incluídas no título, mediante o procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, poderán validar o módulo de Formación e orientación laboral sempre que:

a) Acrediten, polo menos, un ano de experiencia laboral.

b) Estean en posesión da acreditación da formación establecida para o desempeño das funcións de nivel básico da actividade preventiva, expedida de acordo co disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

4. De acordo co establecido no artigo 39 do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, poderá determinarse a exención total ou parcial do módulo profesional de Formación en centros de traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral, sempre que se acredite unha experiencia relacionada co ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos, nos termos previstos no devandito artigo.

Artigo 16. *Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención*

1. A correspondencia das unidades de competencia cos módulos profesionais que forman as ensinanzas do título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos para a súa validación ou exención queda determinada no anexo V A).

2. A correspondencia dos módulos profesionais que forman as ensinanzas do título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos coas unidades de competencia para a súa acreditación queda determinada no anexo V B).

CAPÍTULO V

Organización da impartición

Artigo 17. *Distribución horaria*

Os módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos organizaranse polo réxime ordinario segundo se establece no anexo VI.

Artigo 18. *Unidades formativas*

1. Consonte o artigo 10 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo de Galicia, e coa finalidade de promover a formación ao longo da vida e servir de referente para a súa impartición, establécese no anexo VII a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

2. A consellería con competencias en materia de educación ha determinar os efectos académicos da división dos módulos profesionais en unidades formativas.

Artigo 19. *Módulo de Proxecto*

1. O módulo de Proxecto incluído no currículo do ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaran no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial. Organízase sobre a base da titoría individual e colectiva. A atribución docente corresponderá ao profesorado que imparta docencia en módulos asociados ás unidades de competencia do ciclo formativo correspondente, preferiblemente nos de segundo curso.

2. Desenvolverase logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo, coincidindo coa realización dunha parte do módulo profesional de Formación en centros de traballo, e avaliarase logo de cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.

Disposición adicional primeira. *Oferta nas modalidades semipresencial e a distancia do título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos*

A impartición das ensinanzas dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos nas modalidades semipresencial ou a distancia, que se ofrecerán unicamente polo réxime para as persoas adultas, ha requirir a autorización previa da consellería con competencias en materia de educación, conforme o procedemento que se estableza, e garantirá que o alumnado poida conseguir os resultados de aprendizaxe destes, de acordo co disposto neste decreto.

Disposición adicional segunda. *Titulacións equivalentes e vinculación coas capacidades profesionais*

1. A formación establecida neste decreto no módulo profesional de Formación e orientación laboral capacita para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

Disposición adicional terceira. *Regulación do exercicio da profesión*

1. Os elementos recollidos neste decreto non constitúen regulación do exercicio

de profesión regulada ningunha.

Disposición adicional cuarta. *Accesibilidade universal nas ensinanzas do título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos*

1. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que o alumnado poida acceder e cursar o ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos nas condicións establecidas na disposición derradeira segunda do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

2. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido neste decreto deberán ter en conta o principio de “deseño universal”. Para tal efecto, han recoller as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida conseguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.

3. En calquera caso, estas medidas non poderán afectar de forma significativa a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

Disposición adicional quinta. *Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas neste decreto*

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos exixirá que desde o inicio do curso escolar se cumpran os requisitos de profesorado, espazos e equipamentos regulados neste decreto.

Disposición adicional sexta. *Desenvolvemento do currículo*

1. O currículo establecido neste decreto será obxecto dun posterior desenvolvemento a través das programacións elaboradas para cada módulo profesional, consono co establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Estas programacións concretarán e adaptarán o currículo ás características do contorno socioproductivo, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

2. Os centros educativos desenvolverán este currículo de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Implantación das ensinanzas recollidas neste decreto*

1. No curso 2019-2020 implantarase o primeiro curso das ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime ordinario.

2. No curso 2020-2021 implantarase o segundo curso das ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime ordinario.

3. No curso 2019-2020 implantaranse as ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime para as persoas adultas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

1. Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido neste decreto.

2. Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para modificar o anexo II B), relativo a equipamentos, cando por razóns de obsolescencia ou actualización tecnolóxica así se xustifique.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de dous mil _____.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

1. Anexo I. Módulos profesionais

1.1 Módulo profesional: Materiais en téxtil, confección e pel

- Equivalencia en créditos ECTS: 9
- Código: MP0276.
- Duración: 160 horas.

1.1.1 Unidade formativa 1: Materias téxtiles

- Código: MP0276_12.
- Duración: 115 horas.

1.1.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica os materiais utilizados en produtos de confección industrial e determina as súas propiedades mediante a realización das probas e os ensaios adecuados.
 - CA1.1. Describíronse as características e as propiedades das materias e dos produtos téxtiles.
 - CA1.2. Clasificáronse as materias téxtiles segundo a súa natureza.
 - CA1.3. Medíronse os parámetros que determinan as propiedades das materias e dos produtos, utilizando instrumentos e procedementos adecuados.
 - CA1.4. Describíronse os procedementos establecidos para a identificación de materias e produtos téxtiles.
 - CA1.5. Identificáronse os criterios para a selección das materias segundo o produto que se pretenda fabricar.
 - CA1.6. Describíronse os defectos máis usuais nas materias téxtiles.
 - CA1.7. Recoñeceuse a normativa de simboloxía das materias téxtiles.
 - CA1.8. Describíronse os usos e as aplicacións das materias téxtiles.
 - CA1.9. Identificáronse os procesos produtivos utilizados para a fabricación dos produtos e os materiais téxtiles.
- RA2. Recoñece mostras de materias e produtos téxtiles, e selecciona os procedementos establecidos de ensaio e control.
 - CA2.1. Identificouse a natureza das materias e dos produtos téxtiles por medio de ensaios físicos e químicos.
 - CA2.2. Analizáronse as características estruturais e de comportamento das materias e dos produtos téxtiles.
 - CA2.3. Determináronse as propiedades das materias e dos produtos téxtiles nunha mostra expresadas nas unidades adecuadas.
 - CA2.4. Valoráronse os resultados obtidos nas marxes de aceptación e tolerancia.
 - CA2.5. Operouse cos medios, os instrumentos e os materiais de identificación e medición determinados nos procedementos establecidos.

- CA2.6. Manipuláronse e medíronse os parámetros con seguridade e pulcritude, e de xeito metódico.
- RA3. Selecciona tratamentos, aprestos e acabamentos de materias e produtos, e reconece as propiedades ou as características que se modifican e as calidades obtidas.
 - CA3.1. Determináronse os procedementos de aprestos e acabamentos, e indicáronse as materias empregadas e as características que lles confiren ás materias e aos produtos téxtiles.
 - CA3.2. Determináronse os criterios que cumpra aplicar para a selección dos aprestos e os acabamentos que deban ter as materias téxtiles en relación ás características desexadas.
 - CA3.3. Deducíronse nas materias e nos produtos téxtiles os tratamentos aos que se someteron e as características para os conseguir.
 - CA3.4. Relaciónáronse as propiedades e as prestacións que lle confiren os procesos de acabado a un produto téxtil.
 - CA3.5. Diferenciouse sobre mostras o antes e o despois do proceso.
- RA4. Identifica os téxtiles técnicos e outras materias específicas, e describe as súas características e as súas aplicacións.
 - CA4.1. Identificáronse as áreas máis representativas en que interveñen os téxtiles técnicos (automoción, xeotéxtiles, agricultura, construción, protección persoal, etc.).
 - CA4.2. Recoñecéronse os seus usos e as súas aplicacións.
 - CA4.3. Valorouse a importancia dos téxtiles técnicos no sector da confección.
 - CA4.4. Definíronse as funcións dos chamados produtos de vestir intelixentes.
 - CA4.5. Identificáronse novas tendencias en produtos téxtiles e pel.
- RA5. Determina as condicións de conservación e almacenaxe de materias téxtiles, peles e coiros, e analiza a súa influencia sobre as características de compoñentes e produtos.
 - CA5.1. Relacionouse a natureza das materias e dos produtos téxtiles coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.
 - CA5.2. Identificáronse os tipos de materias e produtos na súa embalaxe ou na súa presentación comercial.
 - CA5.3. Deducíronse as condicións de conservación (temperatura, luz, humidade, ventilación, etc.) que debe ter un almacén para manter as materias e os produtos téxtiles.
 - CA5.4. Indicáronse os tipos de embalaxes, e as presentacións comerciais das materias e dos produtos téxtiles para o seu transporte e a súa almacenaxe.
 - CA5.5. Utilizouse a simboloxía de conservación e instrucións de uso das materias e dos produtos téxtiles.
 - CA5.6. Identificáronse o tipo de materia e os produtos téxtiles a partir da simboloxía normalizada de etiquetaxe.
 - CA5.7. Describíronse as características funcionais e as condicións operativas de seguridade dos medios e dos sistemas de transporte e manipulación empregados na almacenaxe de materias e produtos téxtiles.

1.1.1.2 Contidos básicos

BC1. Identificación dos materiais

- Clasificación, características e propiedades físicas e químicas das materias téxtiles.
- Normativa e simboloxía.
- Características e propiedades físicas e químicas das materias téxtiles. Denominacións comerciais para as materias téxtiles.
- Procesos de obtención das materias téxtiles. Transformación do produto de partida ata o produto final. Esquemas.
- Identificación e valoración das materias téxtiles por medio de ensaios físicos e químicos.
- Estruturas e parámetros no deseño de materias téxtiles: fíos para tecidos de calada e de punto, tecidos de calada (ligamentos básicos e os seus derivados) e tecidos de punto (por recollida e por urdido).
- Aplicacións das materias e dos produtos téxtiles.
- Identificación dos defectos das materias e dos produtos téxtiles.

BC2. Análise de mostras de materias e produtos

- Identificación e medición dos parámetros das materias e dos produtos téxtiles a través de análises cualitativas e cuantitativas. Instrumentos de medida.
- Criterios de selección en función da medición que se realice, a instalación, o axuste, a calibraxe e a lectura dos elementos de medida utilizados para a análise dos materiais. Método de traballo.
- Técnicas de mostraxe. Anotación de datos e elaboración de fichas ou documentos.
- Normas aplicadas á análise de materias e produtos téxtiles. Normas téxtiles de aplicación nos ensaios UNE-EN-ISO ou outras.
- Ensaio de identificación de materias. Fibras: diferenciación cualitativa e cuantitativa. Fíos: estrutura, composición e aplicacións. Tecidos de calada: estrutura e aplicacións. Tecidos de punto: estrutura e aplicacións. Pel e coiro: clase e aplicacións. Tecidos non tecidos: composición e aplicacións.
- Ensaio de verificación das propiedades: probas dinamométricas (resistencia, elasticidade e elongación), de lavado (estabilidade dimensional e perda de peso), de abrasión (comportamento ao uso), de rebentamento (resistencia á presión), e de medida e grosor (superficie, grosor, etc.).
- Ensaio de verificación de parámetros: probas de medida (finura, lonxitude, peso e título), probas co torsiómetro (valor e sentido da torsión), solidez das tinturas (á pasada do ferro, á lavadura en seco e en húmido, ao rozamento, á luz, etc.), probas instrumentais de coordenadas cromáticas (cor) e outras variables (tacto, caída, etc.).
- Conveniencia destes ensaios en relación á materia téxtil obxecto de verificación e a procedencia ou o destino da súa aplicación.
- Tratamento de datos.
- Equipamentos e instrumentos de medición e ensaio: calibraxe e mantemento.
- Procedemento de extracción de mostras. Elaboración de probetas. Normas na realización de ensaios.

- Procedementos de análise, avaliación e tratamento de resultados. Elaboración de informe ou documento sobre o ensaio.
- Normativa de seguimento no ensaio.
- Prevención de riscos persoais, materiais e ambientais.
- Procedementos de orde e limpeza nas análises e na execución dos ensaios.

ProXecto

BC3. Selección de tratamentos, aprestos, acabamentos e condicións de almacenaxe de materias e produtos

- Ennobrecemento das materias téxtiles: función e características.
- Clasificación dos tratamentos: mecánicos, químicos e térmicos.
- Aplicación dos tratamentos: produtos, máquinas e sistemas. Aprestos modificantes e adicionantes: tipos e efectos. Tinguidura, estampación e branqueamento: colorantes, produtos, procedementos e maquinaria utilizados. Tipos e efectos obtidos nos materiais. Acabamentos: efectos e máquinas utilizadas (calandraxe, sanforizaxe, perchamento, tundido, tumbleamento, etc.).
- Características e propiedades conferidas ás materias e aos produtos téxtiles.
- Métodos para a identificación dos acabamentos.
- Defectos máis comúns.
- Identificación de téxtiles técnicos.
- Características dos materiais dos téxtiles técnicos: fibras de uso técnico e fibras de altas prestacións.
- Aplicación dos téxtiles técnicos: indumentaria, roupa laboral, deporte, de uso médico, militar, etc.
- Sectores de aplicación: confección de pezas de vestir, fogar, obra civil, industria, etc.
- Innovación de acabamentos. Nanotéxtiles.

BC4. Identificación de téxtiles técnicos

- Características dos materiais dos téxtiles técnicos: fibras de uso técnico e fibras de altas prestacións.
- Aplicación dos téxtiles técnicos: indumentaria, roupa laboral, deporte, de uso médico, militar, etc.
- Sectores de aplicación: confección de pezas de vestir, fogar, obra civil, industria, etc.
- Innovación de acabamentos. Nanotéxtiles.

BC5. Determinación das condicións de conservación e almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros

- Conservación e vida útil das materias e dos produtos. Materias téxtiles segundo o estado de transformación do produto: flocaxe, fiadura, tecido, peza confeccionada, etc.
- Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.
- Condicións óptimas de permanencia e conservación: humidade, temperatura, luz, etc.
- Criterios de almacenaxe.
- Presentación comercial das materias e dos produtos téxtiles.
- Documentación básica de almacén: pedido, albará, factura, fichas, etc.
- Etiquetaxe das materias e dos produtos téxtiles.
- Normativa sobre a etiquetaxe: obrigatoria, de composición, de conservación, de envasamento e de comercialización.
- Riscos laborais e normativa de seguridade.

- Simbología de manipulación e transporte de produtos.

1.1.2 Unidade formativa 2: Peles e coiros

- Código: MP0276_22.
- Duración: 45 horas.

1.1.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica peles e coiros en produtos de confección, e determina calidades, tipos e tratamentos recibidos.
 - CA1.1. Describiuse o proceso de curtido de peles e coiros, e sinaláronse os produtos de entrada e saída.
 - CA1.2. Analizáronse por procedementos adecuados as propiedades e as características das peles e os coiros.
 - CA1.3. Relacionáronse as propiedades das peles e os coiros cos procesos de fabricación ou os tratamentos que os orixinaran.
 - CA1.4. Distinguíronse os tipos de peles e a súa relación coas características dos artigos que se pretenda fabricar.
 - CA1.5. Describiuse un proceso de calidade tipo de pel e coiro.
 - CA1.6. Elaboráronse e analizáronse pautas de inspección relativas ao control de peles e coiros.
 - CA1.7. Sinaláronse os defectos máis comúns en coiros e peles, debido á súa natureza e ao seu proceso de transformación.
 - CA1.8. Valoráronse as repercusións dos defectos e das anomalías que inciden máis frecuentemente nas características do produto final.
 - CA1.9. Relacionouse o elemento complementario coa súa función.
 - CA1.10. Observouse a adecuación dos elementos complementarios ao modelo.
- RA2. Determina as condicións de conservación e almacenaxe de materias téxtiles, peles e coiros, e analiza a súa influencia sobre as características de compoñentes e produtos.
 - CA2.1. Relacionouse a natureza das peles e os coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.
 - CA2.2. Identificáronse os tipos de peles e coiros na súa embalaxe ou na súa presentación comercial.
 - CA2.3. Deducíronse as condicións de conservación (temperatura, luz, humidade, ventilación, etc.) que debe ter un almacén para manter as peles e os coiros.
 - CA2.4. Indicáronse os tipos de embalaxes, e as presentacións comerciais das peles e dos coiros para o seu transporte e a súa almacenaxe.
 - CA2.5. Utilizouse a simbología de conservación e as instrucións de uso das peles e os coiros.
 - CA2.6. Identificouse o tipo de peles e coiros a partir da simbología normalizada de etiquetaxe.
 - CA2.7. Describíronse as características funcionais e as condicións operativas de seguridade dos medios e dos sistemas de transporte e manipulación empregados na almacenaxe de peles e coiros.

1.1.2.2 Contidos básicos

BC1. Identificación de tipos de peles

- Natureza e características das peles e os coiros: estrutura e histoloxía da pel; partes da súa superficie (colo, faldras, crupón e culata).
- Composición química da pel.
- Tratamentos previos ao proceso de curtume: conservación, remollo, pelamio, caleiro, etc.
- Características e parámetros que inflúen no tratamento.
- Proceso de curtido: vexetal, cromo, aluminio e sustancias sintéticas.
- Operacións posteriores ao curtido: escorredura, división, neutralización e recurtume.
- Tintura e engraxamento: colorantes tipo utilizados, métodos de tintura, engraxamento e secado.
- Acabamentos: tipos e características: abrillantables, termoplásticos e especiais.
- Principais características das peles curtidas: poros, tacto superficial, grosor e superficie.
- Aplicacións das peles e os coiros.
- Realización de medidas sobre peles e coiros: grosor e superficie.
- Procedementos de inspección: defectos e repercusións.
- Normas de calidade relativas a peles e coiros: estatais, internacionais e non oficiais.
- Especificacións e tolerancias.
- Peles de peletaría.
- Materiais, sustancias e sistemas que interveñen nos produtos intelixentes de calzado: funcionamento.

BC2. Determinación das condicións de conservación e almacenaxe de peles e coiros

- Conservación e vida útil das materias e os produtos. Materias de pel e coiro segundo o estado de transformación: en bruto, piquelada, curtida, acabada, en peza confeccionada, en artigo, etc.
- Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.
- Condicións óptimas de permanencia e conservación: humidade, temperatura e luz.
- Criterios de almacenaxe.
- Presentación comercial das materias: peles e coiros.
- Documentación básica de almacén: pedido, albará, factura, fichas, etc.
- Etiquetaxe das materias: peles e coiros.
- Normativa sobre a etiquetaxe: obrigatoria, de composición, de conservación, de envasamento e de comercialización.
- Riscos laborais e normativa de seguridade.
- Simbología de manipulación e transporte de produtos.

1.1.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de calidade na creación, o desenvolvemento do produto e a produción na industria téxtil, da confección e da pel.

Asegurar a calidade na industria téxtil, da confección e a pel abrangue aspectos como:

- Identificación de materias, produtos téxtiles e de pel, segundo a súa natureza e a súa estrutura, as características, as propiedades e as aplicacións.
- Análise e control de materias e produtos téxtiles e de pel, con determinación dos procedementos de ensaio.
- Normativa de ensaio, medición de parámetros e control de calidade.
- Avaliación dos resultados das medicións e dos ensaios.
- Identificación dos tratamentos, os acabamentos e os aprestos nas materias e os produtos téxtiles e de pel.
- Conservación, almacenaxe, presentación comercial e etiquetaxe.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Control e recepción de materias.
- Oficina técnica.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo e) e s), e as competencias e) e r).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Análise e control de materias e produtos téxtiles e de pel.
- Ensaio de identificación.
- Ensaio de verificación de propiedades (resistencia, estabilidade dimensión, elasticidade, etc.).
- Ensaio de verificación de parámetros: diámetro, grosor, lonxitude, torsión, peso, cor, etc.
- Aplicación das medidas de seguridade e dos equipamentos de protección individual na execución operativa.
- Aplicación de criterios de calidade en cada ensaio e medición.
- Aplicación da normativa de protección ambiental relacionada cos residuos e a súa tratamento.
- Características dos tratamentos, os aprestos e os acabamentos en función da súa aplicación a distintos produtos manufacturados.
- Características de uso, conservación, presentación comercial e etiquetaxe.

As programacións didácticas que elabore o profesorado que imparta este módulo deberán establecer unha adecuada organización e secuencia dos resultados de aprendizaxe, os criterios de avaliación e os contidos que pola súa transversalidade sexan comúns a dúas unidades formativas.

1.2 Módulo profesional: Técnicas de modelaxe e padronaxe de vestiario á medida

- Equivalencia en créditos ECTS: 17.
- Código: MP0585.
- Duración: 267 horas.

1.2.1 Unidade formativa 1: Técnicas de padronaxe de vestiario á medida

- Código: MP0585_12.
- Duración: 180 horas.

1.2.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Elabora táboas de medidas segundo os tipos de padrón e os talles, analizando os puntos anatómicos que caracterizan cada tipo de peza de roupa.
 - CA1.1. Identificáronse as medidas que definen o talle en cada peza.
 - CA1.2. Identificáronse os puntos anatómicos que interveñen na creación de padróns.
 - CA1.3. Definíronse as principais características físicas de cada grupo (bebé, infantil, adolescentes, e persoas novas e adultas).
 - CA1.4. Estimáronse os desafoxos e as folguras en función do material e do tipo de peza.
 - CA1.5. Elaboráronse cadros de talles en función das configuracións corporais ou dos talles normalizados.
- RA2. Elabora os padróns base, a partir da toma directa de medidas ou da adaptación de talles normalizados, aplicando ferramentas manuais ou informáticas de debuxo.
 - CA2.1. Identificáronse medidas, técnicas, materiais e acabamentos.
 - CA2.2. Relacionouse a táboa de medidas de padronaxe co padrón que cumpra trazar.
 - CA2.3. Tivéronse en conta os desafoxos e as folguras en función do material e do tipo de peza.
 - CA2.4. Debuxáronse ou modificáronse as liñas de padróns base, seguindo as normas de trazado.
 - CA2.5. Verificouse a concordancia dos padróns base coas medidas establecidas, comprobando a situación dos puntos de axuste.
 - CA2.6. Marcáronse os sinais requiridos no proceso de unión de pezas.
 - CA2.7. Cortáronse os padróns seguindo os perfís e os sinais marcados.
 - CA2.8. Incorporáronse as especificacións dos padróns na documentación técnica.
- RA3. Obtén os padróns definitivos para a realización do modelo, aplicando as técnicas de transformación de padróns e de ensamblaxe á man ou a máquina, e verifica as especificacións técnicas e artísticas do deseño mediante as probas sobre manequín ou soporte virtual.
 - CA3.1. Identificouse o tipo de transformación que require o modelo.

- CA3.2. Seleccionouse o padrón base e escolleuse a técnica máis adecuada para o transformar.
- CA3.3. Obtívose o padrón transformado, comprobado e debidamente identificado.
- CA3.4. Marcáronse os sinais requiridos no proceso de unión de pezas.
- CA3.5. Cortouse e ensamblouse a toile nun tecido de características e comportamento similar ao tecido definitivo do modelo.
- CA3.6. Definíronse as correccións na toile probada e axustada ao manequín, segundo requisitos do modelo.
- CA3.7. Trasládáronse as correccións da proba ao padrón.
- CA3.8. Obtivéronse e arquivéronse todos os padróns rectificadados, verificados e identificados.
- RA4. Elabora catálogos de vestiario mediante ferramentas manuais e informáticas para presentar coleccións, e xestiona arquivos de modelos coas variantes elaboradas.
 - CA4.1. Identificáronse os trazos distintivos da colección.
 - CA4.2. Seleccionáronse os padróns para a obtención de novos modelos.
 - CA4.3. Aplicáronse ao padrón as variacións necesarias para conseguir novos modelos.
 - CA4.4. Obtivéronse os padróns da colección.
 - CA4.5. Documentouse e arquívase a información referente a novos modelos.

1.2.1.2 Contidos básicos

BC1. Elaboración de táboas de medidas

- Toma de medidas do corpo humano: puntos anatómicos de referencia estáticos e dinámicos. Principais medidas utilizadas. Medidas lonxitudinais e perimétricas.
- Nomenclatura anatómica.
- Medidas deducidas e constantes.
- Definición de grupos de talles. Táboas de medidas segundo o segmento de poboación.
- Sistemas normalizados de talles.
- Talle dunha peza de roupa.
- Desafogos e folguras en función do material e do tipo de peza.

BC2. Elaboración de padróns base

- Factores que inflúen na realización dun padrón: deseño do modelo; exixencias estéticas, funcionais e de confort; características dos materiais.
- Interpretación de modelos e deseños.
- Procesos de obtención de padróns base.
- Técnicas manuais e informatizadas de representación gráfica de padróns
- Trazado: normas.
- Padróns: tipos e terminoloxía; padróns principais e secundarios.
- Identificación dos padróns.
- Verificación e correspondencia das medidas.

- Rectificación de padróns.
- Equipamentos, utensilios e ferramentas. Materiais. Instrumentos de debuxo, medida, trazado, corte e sinalización.
- Fichas técnicas de padróns.

BC3. Obtención de padróns definitivos por transformación de padróns e ensamblaxe á man ou a máquina

- Análise técnica do modelo.
- Criterios de selección e preparación de tecidos.
- Selección do padrón base do artigo ou modelo que se ten que transformar.
- Sistema de posición que hai que transformar (pivotaxes).
- Técnicas de manipulación de padróns.
- Técnicas para a obtención das formas ou os volumes.
- Obtención de formas e volumes por transformacións.
- Procesos de obtención de formas e volumes. Elementos xeométricos.
- Axustes e folgas. Achumbamentos. Piquetes e trades.
- Recoñecemento dos padróns do modelo.
- Optimización e rendemento no corte de materiais.
- Técnicas de corte. Secuencia de operacións, equipamentos e utensilios.
- Defectos na elaboración de toiles.
- Comprobación do axuste do padrón do modelo. Adecuación dos axustes. Análise estético-anatómica e funcional. Adecuación ao uso e confortabilidade.
- Desviacións e defectos na proba.
- Determinación de axustes e adaptacións. Medidas correctoras.
- Rexistro de anomalías e propostas de mellora.
- Viabilidade técnica. Confeccionabilidade.
- Técnicas de rectificación de padróns.
- Técnicas de comprobación e afinamento do padrón.
- Validación do prototipo (padrón do modelo).

BC4. Elaboración de catálogos de vestiario

- Análise e caracterización de coleccións.
- Factores técnicos que interveñen nunha colección: viabilidade e produción.
- Características estéticas de moda e tendencias. Función social e de uso. Representación e descomposición do volume de pezas en figuras planas.
- Factores que inflúen na execución dos padróns. Análise: anatomía, materiais téxtiles e non téxtiles, deseño e funcionalidade.
- Características dos compoñentes da peza.
- Selección de materiais en función do deseño.

- Selección de padróns base.
- Técnicas de transformación de padróns para a elaboración de variacións.
- Elaboración de coleccións.
- Documentación técnica da colección.
- Arquivamento de padróns base e de modelos.
- Criterios para a elaboración de arquivos e catálogos.
- Programas informáticos.

1.2.2 Unidade formativa 2: Técnicas de modelaxe de vestiario á medida

- Código: MP0585_22.
- Duración: 87 horas.

1.2.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza os puntos anatómicos que caracterizan cada tipo de peza de roupa.
 - CA1.1. Identificáronse os puntos anatómicos que interveñen na creación de padróns.
 - CA1.2. Definíronse as principais características físicas de cada grupo (bebé, infantil, adolescentes, e persoas novas e adultas)
 - CA1.3. Relacionáronse cun talle as medidas do manequín.
 - CA1.4. Estimáronse os desafogos e as folguras en función do material e do tipo de peza.
- RA2. Obtén os padróns definitivos para a realización de modelos, aplicando as técnicas de modelaxe sobre manequín ou soporte virtual e axustando a toile ás liñas anatómicas de referencia, en función do deseño.
 - CA2.1. Identificáronse a configuración e as medidas da persoa.
 - CA2.2. Seleccionouse o soporte ou manequín (estático ou dinámico).
 - CA2.3. Seleccionáronse correctamente as técnicas e os procedementos de modelaxe que se vaian aplicar.
 - CA2.4. Obtivéronse as formas e os volumes requiridos na modelaxe da toile sobre o manequín.
 - CA2.5. Sinalizáronse sobre a toile os puntos de referencia e a situación de complementos.
 - CA2.6. Espiuse o manequín en orde e sen alterar as referencias sinaladas.
 - CA2.7. Reproducíronse os padróns planos a partir das pezas desmontadas.
 - CA2.8. Obtivéronse os padróns verificados e identificados.

1.2.2.2 Contidos básicos

BC1. Análise dos puntos anatómicos que caracterizan cada tipo de peza de roupa

- Puntos anatómicos de referencia estáticos e dinámicos.
- Nomenclatura anatómica.
- Sistemas normalizados de talles.

- Talle dunha peza.
- Desaforos e folguras en función do material e do tipo de peza.

BC2. Obtención de padróns definitivos por modelaxe

- Soportes e manequíns.
- Técnicas e procedementos de modelaxe.
- Criterios de selección e preparación de tecidos de características similares ás do tecido definitivo.
- Incorporación e axuste de pezas.
- Aplicación de drapeados. Engurras. Pregamentos, plisados, pinzados, engurrados e conformados.
- Axustes, folguras e achumbamentos. Sinalización de puntos de referencia.
- Comprobación do axuste do padrón ao modelo.
- Análise estético-anatómica. Análise funcional: adecuación ao uso e confortabilidade.
- Validación da toile.
- Despezamento da toile.
- Reprodución da toile sobre papel, cartón ou soporte informático.
- Simulación. Programas informáticos específicos.

1.2.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de deseño e desenvolvemento de artigos téxtiles ou de pel á medida, utilizando medios de innovación tecnolóxicos.

Esta función abrangue aspectos como:

- Análise das proporcións antropométricas.
- Elaboración de cadros de talles.
- Interpretación de talles normalizados.
- Elaboración de fichas técnicas de padronaxe.
- Elaboración de padróns axustados ao deseño e ás medidas, mediante técnicas de trazado e transformación manuais e informáticas, e mediante técnicas de modelaxe.
- Obtención de prototipos e proba sobre manequín ou soporte virtual.
- Análise de defectos.
- Corrección de padróns para obter modelos definitivos.
- Elaboración de mostrarios e catálogos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Análise e interpretación da documentación aportada.
- Aplicación de técnicas de elaboración e transformación de padróns.
- Elección de tecidos e materiais, e confección de toiles.
- Verificación do axuste dos padróns ao deseño e ás medidas.
- Rexistro e arquivamento da documentación xerada.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais d), f) e g) do ciclo formativo, e as competencias d), f) e g).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Obtención de medidas personalizadas.
- Técnicas de obtención e transformación de padróns axustados a deseño e medidas.
- Elaboración de prototipos.
- Detección de desaxustes e corrección de padróns.
- Verificación e valoración do produto obtido.
- Creación de catálogos e coleccións.
- Xestión e actualización da documentación xerada.

1.3 Módulo profesional: Xestión de recursos de vestiario á medida

- Equivalencia en créditos ECTS: 6.
- Código: MP0586.
- Duración: 105 horas.

1.3.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Determina as necesidades de materiais e equipamentos para a elaboración da peza á medida ou para o espectáculo, identificando os tipos e determinando as cantidades dos materiais e as características dos equipamentos necesarios.
 - CA1.1. Identificouse a tipoloxía dos materiais, os seus usos e as súas características.
 - CA1.2. Determináronse os materiais necesarios segundo as especificacións técnicas do deseño e a selección do/da cliente/a.
 - CA1.3. Determináronse as cantidades óptimas para a execución do proxecto.
 - CA1.4. Identificáronse as instalacións e a maquinaria que interveñen na realización do proxecto.
 - CA1.5. Determináronse as cantidades óptimas de utensilios, ferramentas e equipamentos auxiliares para a execución do proxecto.
- RA2. Define o aprovisionamento e o almacenamento dos recursos materiais e da información para desenvolver proxectos de confección á medida, aplicando técnicas básicas de loxística mediante ferramentas convencionais e informáticas.
 - CA2.1. Identificáronse as canles de aprovisionamento.
 - CA2.2. Realizouse unha proposta de distribución do almacén.
 - CA2.3. Aplicáronse técnicas de almacenamento en téxtil, confección e pel.
 - CA2.4. Cubríronse os documentos de xestión interna do almacén.
 - CA2.5. Realizouse un inventario do almacén e estableceuse un método de control.
 - CA2.6. Identificáronse as canles de distribución final das pezas.
 - CA2.7. Efectuouse a actualización e a ordenación do arquivo de provedores/as e clientela.
 - CA2.8. Describiuse o tipo de embalaxe e o sistema de etiquetaxe tendo en conta a normativa.
- RA3. Programa as accións necesarias para a elaboración de proxectos de vestiario á medida e para o espectáculo, incluídas as accións de xestión da calidade, identificando e cuantificando os materiais, os equipamentos e os/as profesionais que deben intervir no seu desenvolvemento.
 - CA3.1. Describíronse os procesos e os procedementos que interveñen no desenvolvemento do proxecto de confección á medida e para o espectáculo.
 - CA3.2. Determináronse as cantidades necesarias de materiais.
 - CA3.3. Determináronse as cantidades necesarias de complementos e accesorios.
 - CA3.4. Identificáronse os equipamentos e os utensilios necesarios para a confección das pezas de roupa.
 - CA3.5. Identificáronse as accións de calidade e mellora continua.

- CA3.6. Calculáronse os tempos de elaboración do proxecto.
- CA3.7. Identificáronse os/as profesionais necesarios/as para desenvolver o proxecto no prazo establecido.
- CA3.8. Cubriuse a documentación relacionada coa formalización e a entrega de produtos e artigos confeccionados.
- RA4. Elabora orzamentos de proxectos de confección á medida e de espectáculos, aplicando prezos de mercado e tendo en conta os recursos humanos e materiais e os prazos dispoñibles.
 - CA4.1. Obtivéronse os prezos de mercado dos materiais e dos accesorios.
 - CA4.2. Calculáronse os custos directos e indirectos dun taller de confección á medida.
 - CA4.3. Elaborouse o escandallo de cada peza.
 - CA4.4. Prevíronse os custos de financiamento externo do proxecto.
 - CA4.5. Detalláronse as partidas que compoñen o orzamento definitivo.
 - CA4.6. Utilizáronse ferramentas manuais e informáticas para a realización de orzamentos.
 - CA4.7. Recoñecéronse as formas de aplicación de negociacións do orzamento.
 - CA4.8. Comparáronse os prezos obtidos, realizando un estudo de mercado.
- RA5. Define o proxecto de vestiario á medida ou para o espectáculo, aplicando técnicas de asesoramento e atención á clientela.
 - CA5.1. Analizáronse as técnicas de comunicación.
 - CA5.2. Describíronse as fases da atención á clientela segundo o plan de acción definido.
 - CA5.3. Identificouse a tipoloxía do/da cliente/a, as súas motivacións e as súas necesidades.
 - CA5.4. Valorouse a importancia do coñecemento das características do produto por parte do persoal de asesoría.
 - CA5.5. Determináronse as liñas de actuación no asesoramento segundo o plan de acción definido pola empresa.
 - CA5.6. Valorouse a importancia das habilidades sociais do persoal vendedor e asesor, a educación, a información facilitada, o asesoramento e o ambiente acolledor, no proceso de decisión de compra.
 - CA5.7. Rexistráronse as características do proxecto de vestiario á medida ou para o espectáculo acordadas coa clientela.
 - CA5.8. Valorouse a importancia de manter actualizado o arquivo de clientela para a aplicación do plan de fidelización.
- RA6. Atende reclamacións, queixas ou suxestións de clientes/as potenciais, recoñecendo e aplicando criterios e procedementos de actuación.
 - CA6.1. Clasificáronse as actitudes, as posturas e os intereses que cómpre adoptar ante queixas e reclamacións.
 - CA6.2. Utilizouse un estilo asertivo para informar a clientela.
 - CA6.3. Desenvolvéronse as técnicas que se utilizan para a resolución de conflitos, queixas e reclamacións, tendo en conta a actitude que cumpra adoptar para informar a clientela.
 - CA6.4. Recoñecéronse os aspectos das reclamacións nos que incide a lexislación vixente.

- CA6.5. Describiuse o procedemento para a presentación de reclamacións.
- CA6.6. Identificáronse as alternativas ao procedemento que se lle poden ofrecer á clientela ante reclamacións de doado arranxo.
- CA6.7. Trasládouse a información sobre a reclamación segundo a orde xerárquica preestablecida.
- CA6.8. Valorouse a importancia que para o control de calidade do servizo teñen os sistemas de información manuais e informáticos que organizan a información.
- CA6.9. Estableceuse a información rexistrada do seguimento posvenda, de incidencias, de peticións e de reclamacións da clientela como indicador para mellorar a calidade do servizo prestado e aumentar a fidelización.

1.3.2 Contidos básicos

BC1. Determinación das necesidades de materiais e equipamentos para a elaboración da peza

- Tecidos.
- Peles.
- Fiaduras e fornitureas.
- Elección de materiais.
- Mostrario de materiais.
- Clasificación de tecidos segundo a textura, a caída e os volumes.
- Necesidades humanas e de equipamentos.

BC2. Definición do aprovisionamento e almacenamento dos recursos materiais

- Zona de almacenaxe.
- Transportes e desprazamentos.
- Identificación e control de materiais.
- Catalogación, localización e colocación de materiais.
- Control de inventarios.
- Custos loxísticos.
- Xestión de provedores/as e rexistro de compras. Xestión de clientela e rexistro de vendas.
- Tipos de embalaxes e presentacións. Etiquetaxe e simboloxía de identificación.

BC3. Programación das accións necesarias para a elaboración de proxectos de vestuario á medida e para o espectáculo

- Provisión de medios.
- Necesidades técnicas e humanas.
- Cálculo de materiais.
- Adquisición de materiais.
- Cálculo de máquinas segundo o número e a clase de operacións que cumpra realizar.
- Cálculo de profesionais necesarios/as.

- Tempo previsto para cada operación e para o proceso total.
- Elaboración e interpretación de documentos.
- Formas de aplicación.
- Xestión de calidade.
- Elaboración de arquivos de proxectos.

BC4. Elaboración de orzamentos de confección á medida e de espectáculos

- Conceptos que interveñen no custo dunha peza.
- Unidades de medición comerciais dos materiais e dos compoñentes empregados na fabricación de pezas e artigos téxtiles.
- Tarifas de prezos.
- Documentación básica vinculada á realización de orzamentos.
- Escandallos de pezas e artigos téxtiles. Custos de materias primas e auxiliares, de produción e estruturais. Custos directos e indirectos.
- Información base e viabilidade do proxecto.
- Orzamentos.
- Aplicación de programas informáticos.

BC5. Definición do proxecto de vestuario á medida ou para o espectáculo

- Formalización do proxecto.
- Comunicación: elementos, tipos e técnicas.
- Características da información e asesoramento de produtos.
- Fases de atención á clientela. Relación coa prestación da clientela.
- Tipoloxía da clientela.
- Márketing interno e externo.
- Normativa e lexislación.
- Formalización da encarga. Tarifas aplicables de prezos. Orzamentos.
- Proceso de decisión de compra: percepción dunha necesidade, procura do valor e compra.
- Comprobación da aceptación do proxecto.
- Calidade nos servizos ofrecidos.
- Documentación básica vinculada á prestación de servizos.
- Identificación e control de materiais que entrega a clientela.
- Arquivo de clientela.

BC6. Atención de reclamacións

- Técnicas para afrontar conflitos e reclamacións.
- Procedementos para reclamar. Lexislación.
- Indicadores para control de calidade do establecemento.
- Sistemas de información.

- Información que hai que rexistrar no establecemento.
- Mellora do servizo prestado.
- Protección das persoas consumidoras e usuarias en España e na Unión Europea.

1.3.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de planificación e programación da confección á medida, así como da loxística asociada.

A función de planificación e programación da confección á medida abrangue aspectos como:

- Determinación dos recursos humanos, materiais, de tempo e económicos que permiten garantir o plan de produción mediante o control desta.
- Xestión dos fluxos internos de almacenamento e preparación para a distribución de información, enerxías e produtos, para garantir a demanda da clientela satisfactoriamente.
- Xestión dos fluxos externos de información, enerxías e produtos relacionados coa clientela, para garantir satisfactoriamente a demanda desta.
- Garantía de que, mediante procedementos de verificación, os produtos necesarios para desenvolver o proceso cumpran as especificacións de calidade establecidas.
- Identificación das accións especializadas de mantemento correctivo e as definidas no plan.
- Xestión do plan de prevención de riscos laborais, para garantir a seguridade das persoas e das instalacións.
- Aplicación das técnicas que permitan satisfacer as necesidades e as exixencias detectadas no mercado de forma rendible para a empresa.
- Xestión das relacións coa clientela, atendendo as súas necesidades e dando solución ás súas reclamacións.
- Administración dos recursos humanos e financeiros, cumprindo as obrigas sociais e contables.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Optimización de materiais e recursos.
- Control de calidade de produtos e procesos.
- Interpretación de información técnica.
- Posta a punto de máquinas.
- Organización do posto de traballo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), h), m), n), s) e u) do ciclo formativo, e as competencias a), h), m), n), r) e s).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Organización e secuencia das actividades de traballo a partir da ficha técnica.
- Selección, preparación e mantemento de maquinaria, ferramentas e utensilios.
- Uso e aplicación das técnicas de comunicación para informar e asesorar a clientela antes do proceso de elaboración da peza de roupa e no seu transcurso.
- Aplicación de técnicas de calidade en cada fase do proceso.

- Aplicación de medidas de seguridade e uso dos equipamentos de protección individual na execución operativa.

ProXecto

1.4 Módulo profesional: Vestiario de espectáculos

- Equivalencia en créditos ECTS: 9.
- Código: MP0587.
- Duración: 123 horas.

1.4.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Determina os requisitos de estilo e xénero de proxectos artísticos, analizando as necesidades técnicas e de produción.
 - CA1.1. Describíronse as características do estilo e do xénero do proxecto.
 - CA1.2. Identificouse e analizouse o contexto temporal e social de cada época en relación co proxecto.
 - CA1.3. Elaboráronse os figurinos dos personaxes do proxecto.
 - CA1.4. Identificáronse as pezas que compoñen o traxe que se representa no figurino.
 - CA1.5. Analizáronse as estruturas ou os elementos de caracterización que transforman a silueta do/da intérprete.
 - CA1.6. Determináronse no deseño os detalles das pezas que compoñen o traxe.
 - CA1.7. Analizáronse os efectos ou as mutacións posibles de vestiario, voos ou movementos que requiran uso doutros elementos (arneses).
 - CA1.8. Propuxéronse solucións técnicas para todos os dispositivos ou elementos alleos ao vestiario que deban ocultarse e integrarse no traxe, cumprindo as medidas de seguridade.
- RA2. Elabora as pezas e os obxectos do proxecto formuladas nos figurinos, utilizando as técnicas máis adecuadas de confección e adaptación.
 - CA2.1. Tomáronse as medidas anatómicas para a elaboración da ficha de cada intérprete.
 - CA2.2. Seleccionouse a técnica de padronaxe máis adecuada para a obtención de vestiario.
 - CA2.3. Consideráronse as características dos materiais propostos.
 - CA2.4. Determináronse as solucións técnicas cos materiais.
 - CA2.5. Definíronse a secuencia dos procesos e as técnicas da súa execución.
 - CA2.6. Analizouse a necesidade de máquinas e equipamentos relacionados coa ensamblaxe definitiva do modelo.
 - CA2.7. Aplicáronse correctamente as técnicas de modelaxe e padronaxe.
 - CA2.8. Aplicáronse correctamente as técnicas de corte e ensamblaxe.
 - CA2.9. Obtivéronse as formas e os volumes das pezas.
 - CA2.10. Cumpríronse as normas de seguridade persoal e ambiental ao aplicar as técnicas.
- RA3. Realiza as probas sobre o manequín, o soporte virtual ou o personaxe, e axusta os elementos da peza de roupa, a marcación das correccións e a comprobación dos volumes requiridos.
 - CA3.1. Colocáronse as pezas sobre o manequín, o soporte virtual ou o personaxe.
 - CA3.2. Definíronse as rectificacións e as marcas da proba.

- CA3.3. Analizouse a funcionalidade da peza no uso escénico.
- CA3.4. Analizouse a seguridade e a fiabilidade dos materiais e dos axustes para a validación definitiva das pezas.
- CA3.5. Acabáronse e, de ser o caso, ocultáronse os sistemas de pechamento, os apliques e os adornos.
- RA4. Elabora o caderno de vestuario consonte os requisitos dos figurinos, analizando as características artísticas e técnicas que se derivan da interpretación do figurino.
 - CA4.1. Anotáronse no caderno de vestuario as conclusións da análise de cada modelo.
 - CA4.2. Anotáronse os detalles e os requisitos especiais que non figuren no deseño das pezas.
 - CA4.3. Xuntáronse ao caderno de vestuario as fichas coas medidas dos/das intérpretes.
 - CA4.4. Determináronse as necesidades de aprovisionamento e as características dos materiais para o desenvolvemento do proxecto.
 - CA4.5. Determináronse as máquinas e os equipamentos necesarios para o desenvolvemento do proxecto.
- RA5. Realiza transformacións de materiais para a súa utilización en vestuario de espectáculos, aplicando técnicas de transformación manuais.
 - CA5.1. Identificáronse a partir dos figurinos as transformacións de materiais necesarias.
 - CA5.2. Describíronse as técnicas que se poden desenvolver de forma manual, así como o seu proceso de execución.
 - CA5.3. Seleccionáronse as ferramentas e os materiais requiridos para a aplicación de distintas técnicas.
 - CA5.4. Aplicáronse as técnicas de tintura manual de materiais téxtiles e outros, a partir das indicacións dos figurinos.
 - CA5.5. Aplicáronse as técnicas manuais de pintura téxtil para lograr o efecto previsto nos figurinos, no vestuario de espectáculo.
 - CA5.6. Aplicáronse as técnicas de manipulación de materiais non téxtiles nos traxes de escena, a partir dos figurinos.
 - CA5.7. Aplicáronse as técnicas de avellentamento para obter efectos no traxe escénico, a partir de figurinos.
 - CA5.8. Describíronse as normas de almacenamento e conservación do vestuario.
 - CA5.9. Cumpríronse as normas de seguridade persoal e ambiental ao aplicar as técnicas.

1.4.2 Contidos básicos

BC1. Determinación dos requisitos de estilo e xéneros de proxectos artísticos

- Interpretación de estilos e xéneros nos espectáculos.
- Influencia nas épocas.
- Proceso de creación.
- Técnicas de deseño de figurinos.
- Requisitos técnicos e artísticos.

- Vestiario para distintos xéneros de espectáculo.
- Composición do vestiario.
- O traxe e o seu despezamento.
- Protocolo de actuacións no espectáculo.
- Organización da información.

BC2. Elaboración de pezas de roupa e obxectos do proxecto

- Documentación do vestiario e dos obxectos do espectáculo.
- Técnicas de adaptación e modificación de pezas para o espectáculo.
- Influencia das características dos materiais.
- Organización do proceso de elaboración.
- Programación do proxecto.
- Máquinas, utensilios e accesorios de ensamblaxe e acabado.
- Preparación e montaxe de pezas.
- Aplicación de pechamentos e adornos.
- Acabamentos: estruturas, reforzos e armados para vestiario.
- Adaptación do vestiario a obxectos de uso na representación.

BC3. Realización das probas sobre o manequín ou soporte virtual

- Preparación de pezas para as probas.
- Primeira proba. Determinación de axustes artísticos e técnicos.
- Rectificacións e marcas. Afinamento.
- Segunda proba.
- Incorporación de elementos externos e internos, visibles e non visibles.
- Incorporación de elementos alleos ao traxe.
- Documentación necesaria do proceso.
- Aplicación de normas de prevención de riscos laborais.

BC4. Elaboración do caderno de vestiario

- Estrutura do caderno.
- Organización da información.
- Actualización da información durante o proceso.
- Arquivamento da documentación xerada ou modificada.

BC5. Realización de transformación de materiais en vestiario de espectáculos

- Técnicas de realización de estruturas con diferentes materiais.
- Técnicas de tinguidura e estampaxe manuais aplicadas ao traxe escénico: materiais e ferramentas.
- Técnicas de atrezo aplicadas ao traxe escénico: materiais e ferramentas.
- Técnicas de avellentamento aplicadas ao vestiario escénico.

- Técnicas de atrezzo aplicadas ao traxe escénico: materiais e ferramentas (cepillos de arame, tesoiras, lixas, etc.).
- Almacenamento e conservación do vestiario do espectáculo.
- Aplicación de normas de prevención de riscos laborais nos procesos de transformación de materiais aplicados ao vestiario de espectáculo.

1.4.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de confección de vestiario escénico de pezas para o espectáculo.

Esta función abrangue aspectos como:

- Interpretación e determinación do proxecto artístico en equipo.
- Selección da técnica adecuada para a obtención de formas propostas.
- Corte e despezamento do modelo.
- Execución dos procesos de ensamblaxe para a proba.
- Rectificación, afinamento, axuste e acabamentos.
- Manexo de equipamentos informáticos.
- Elaboración do caderno de vestiario.
- Control de calidade das operacións no proceso.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Análise e interpretación da documentación achegada.
- Adecuación e definición, en equipo, do proxecto de vestiario artístico.
- Organización e programación do proxecto.
- Aplicación de técnicas de realización e transformación de padróns.
- Obtención de pezas para espectáculo, probadas, axustadas e acabadas.
- Rexistro e arquivamento da información xerada.

A formación do módulo contribúe a alcanzar o obxectivo xeral k) do ciclo formativo e a competencia k).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Determinación e análise do proxecto artístico de vestiario para o espectáculo no ámbito da confección de vestiario á medida (fases e etapas que interveñen no proceso de confección).
- Realización dos padróns que se correspondan coas pezas do traxe, utilizando a técnica de padronaxe á medida e de obtención por modelaxe, ou acudindo ao arquivo do departamento técnico, e transformándoos por medios informáticos.
- Selección e comportamento de máquinas e materiais empregados na confección á medida nos procesos de corte, ensamblaxe e acabamentos, tendo en conta o efecto producido sobre estes.
- Desenvolvemento do proceso de confección e acabado, axustando e afinando o modelo, coas probas necesarias, de maneira que permita a verificación e a valoración do produto obtido.

1.5 Módulo profesional: Xastraría clásica

- Equivalencia en créditos ECTS: 11.
- Código: MP0588.
- Duración: 156 horas.

1.5.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Elabora a documentación técnica do modelo dentro do ámbito da xastraría, identificando e caracterizando as pezas de roupa, a súa natureza, a súa forma e as súas características.
 - CA1.1. Definiuse o tipo de peza, os materiais, os accesorios e as características técnicas e artísticas do modelo.
 - CA1.2. Realizouse a toma de medidas anatómicas do/da cliente/a.
 - CA1.3. Realizouse a ficha de medidas do/da cliente/a.
 - CA1.4. Definiuse o talle en función das medidas.
 - CA1.5. Comprobouse nos soportes físico e dixital a existencia de padróns de pezas de xastraría, femininas ou masculinas, que se correspondan cos talles normalizados.
 - CA1.6. Elaborouse e arquívouse a documentación técnica referida á información do modelo, á ficha de medidas, aos padróns e á orde de traballo.
- RA2. Obtén os padróns do modelo e aplícalles aos padróns base as transformacións que se correspondan cos talles.
 - CA2.1. Seleccionáronse correctamente os padróns base do modelo, segundo o talle adaptado ás medidas.
 - CA2.2. Determinouse o conxunto de padróns que conteña o modelo seleccionado.
 - CA2.3. Determináronse as costuras, as folguras, os ancheamentos e os encollementos en función do modelo e do tecido, e da súa adecuada adaptabilidade.
 - CA2.4. Controláronse as variables técnicas, morfolóxicas e artísticas.
 - CA2.5. Obtivéronse todos os padróns coa súa correspondente referencia e preparados para o seu posterior uso.
- RA3. Obtén a peza de roupa para a proba, aplicando técnicas de ensamblaxe á man ou a máquina e realizando as operacións intermedias precisas.
 - CA3.1. Estendéronse os tecidos e materiais para o corte.
 - CA3.2. Distribuíronse as pezas do modelo sobre os materiais.
 - CA3.3. Cortáronse e identificáronse as pezas que compoñen o modelo para o seu proceso de ensamblaxe.
 - CA3.4. Describíronse e realizáronse as primeiras operacións de unión antes da ensamblaxe.
 - CA3.5. Analizáronse e elixíronse as técnicas e o procedemento de ensamblaxe da peza á man ou a máquina.
 - CA3.6. Aplicáronse as técnicas e o procedemento de ensamblaxe da peza á man ou a máquina.
 - CA3.7. Seleccionáronse e puxéronse en funcionamento as máquinas de confección e de pasar o ferro.

- CA3.8. Verifícase que a ensamblaxe das pezas principais se corresponda coas súas dimensións ou coas súas formas.
- RA4. Realiza a proba sobre a persoa ou o manequín e analiza o balance da peza de roupa, tendo en conta as consideracións xerais sobre os achumbamentos e os seus efectos.
 - CA4.1. Realizouse o axuste da peza, tendo en conta os seus requisitos técnicos e estéticos.
 - CA4.2. Verifícase que as pezas se adaptan á silueta ao colocalas directamente sobre o manequín ou a persoa.
 - CA4.3. Defíníronse correctamente todos os cambios e as novas achegas.
 - CA4.4. Controlouse e marcouse a situación de todos os elementos secundarios e accesorios.
 - CA4.5. Realizouse a operación de descosadura e desmontaxe, coas ferramentas e os utensilios adecuados.
- RA5. Confecciona a peza de roupa definitiva, coas rectificacións e os axustes obtidos na proba, aplicando técnicas de desmontaxe, afinamento e ensamblaxe.
 - CA5.1. Realizouse o afinamento e o encarado de todas as pezas do modelo, despois do axuste da proba.
 - CA5.2. Definiuse a técnica de confección da peza que asegure o acabado dos compoñentes principais antes da ensamblaxe.
 - CA5.3. Describiuse e realizouse o proceso ordenado das operacións de ensamblaxe consonte as marcas da peza.
 - CA5.4. Verifícase coa segunda proba o correcto axuste da peza.
 - CA5.5. Analizáronse e realizáronse as operacións de colocación de ollais, broches de presión e picado de cantos (solapas e colos).
- RA6. Expón a peza de roupa, executando os procesos de acabado, etiquetaxe e presentación propios da xastraría.
 - CA6.1. Identifícanse e aplicáronse as actividades propias do proceso de acabado.
 - CA6.2. Seleccionáronse e utilizáronse ferramentas, máquinas e accesorios adecuados á peza, para o seu correcto acabado.
 - CA6.3. Aplicáronse as normas de seguridade na manipulación das máquinas.
 - CA6.4. Colocouse a peza na máquina utilizando, en caso preciso, as formas e os accesorios que faciliten a súa correcta conformación.
 - CA6.5. Comprobase que a calidade final da peza se corresponda coa requirida.

1.5.2 Contidos básicos

BC1. Elaboración da documentación técnica do modelo

- Análise e características de pezas de roupa de xastre/a: tipos, materiais e accesorios.
- Medidas directas: masculinas e femininas; talles normalizados.
- Elaboración fichas de clientela.
- Arquivos de padróns base. Padróns auxiliares.
- Organización e provisión de medios.

- Elaboración da documentación e da información técnica necesaria para o proceso de traballo.

BC2. Obtención dos padróns do modelo

- Interpretación de modelos.
- Configuracións do corpo: análise anatómica.
- Análise técnica e funcional da peza.
- Táboas de medidas. Talles normalizados segundo as pezas.
- Folguras, ancheamentos, encollementos e costuras para aplicar nos padróns.
- Trazado de padróns. Transformacións segundo a configuración.
- Arquivamento de padróns.

BC3. Obtención da peza para a proba

- Plan de traballo. Preparación para o corte.
- Verificación de tecidos.
- Optimización e rendemento da marcación.
- Utensilios e ferramentas de corte manuais.
- Corte convencional dos materiais: características e aplicacións.
- Realización do despezamento da marcación e do afinamento.
- Realización do control de calidade do proceso.
- Preparación de compoñentes cortados. Identificación das pezas cortadas, etiquetaxe e empaquetaxe.
- Tipos e características de entreforros e adhesivos: áreas de aplicación.
- Disposición de maquinaria para termofixar.
- Operacións intermedias: aplicación de entreforros e adhesivos.
- Selección e posta a punto das máquinas de confección e pasada do ferro que se vaian utilizar.
- Técnicas de ensamblaxe da peza: á man ou a máquina.
- Verificación das dimensións ou formas das pezas principais.
- Organización do posto de traballo: ergonomía e seguridade.
- Normas de seguridade persoal e de uso no manexo dos utensilios.

BC4. Realización da proba

- Estrutura das pezas: características.
- Montaxe de pezas de xastraría.
- Ensamblaxe das pezas á man e a máquina para a proba.
- Criterios na realización da proba.
- Comprobación do modelo sobre manequín ou na persoa.
- Correccións ópticas das proporcións reais da imaxe persoal.
- Técnicas de adaptación da peza de roupa.

- Marcación da situación de todos os elementos secundarios e accesorios.
- Rectificación e marcas. Afinamentos e axustes.
- Arquivamento da información xerada.
- Operacións previas á ensamblaxe definitiva. Traspaso de marcas.

BC5. Confección da peza de roupa definitiva

- Elementos base de fabricación.
- Etapas de fabricación.
- Organización do proceso de confección. Listaxe de operacións.
- Técnicas de ensamblado á man e a máquina.
- Fíos, puntadas e costuras.
- Picado de cantos: solapas e colos.
- Máquinas, materiais e utensilios de ensamblaxe, cosedura e pegado.
- Axuste das máquinas.
- Parámetros de calidade na unión de materiais.
- Aplicación dos controis de calidade establecidos.
- Operacións de colocación de ollais, pechamentos e adornos.
- Verificación coa segunda proba o axuste da peza.
- Normas de seguridade persoal e de uso no manexo dos utensilios.

BC6. Exposición da peza de roupa

- Fases do acabado nas pezas de xastraría.
- Criterios e aplicacións no acabado
- Selección e manexo de máquinas, ferramentas e accesorios para os acabamentos.
- Aplicación de pechamentos e adornos.
- Axuste da peza consonte os requisitos solicitados.
- Operacións á man e a máquina.
- Técnicas de pasada do ferro. Encaixe da peza na forma.
- Métodos de presentación de produtos en xastraría.
- Normas de seguridade na manipulación das máquinas.
- Comprobación da calidade da peza.

1.5.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de confección á medida de pezas de roupa clásicas dentro do ámbito da xastraría.

Esta función abrangue aspectos como:

- Interpretación de modelos.
- Manexo de programas informáticos.
- Transformación de padróns.

- Preparación de materiais.
- Preparación e posta a punto de máquinas.
- Estudo de marcas.
- Cálculo e aproveitamento de materiais.
- Corte e despezamento do modelo.
- Execución dos procesos de ensamblaxe para a proba.
- Acabamento de pezas.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Transformación de padróns.
- Confección e acabamentos de pezas de xastraría en téxtil e pel.

A formación do módulo contribúe a alcanzar o obxectivo xeral 1) do ciclo formativo e a competencia 1).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Identificación e análise de modelos no ámbito da xastraría (fases e etapas que interveñen no proceso de confección).
- Selección dos padróns base e transformación nos padróns do modelo elixido, verificando o seu axuste e a aproximación ao modelo.
- Selección e comportamento de máquinas e materiais empregados na confección á medida nos procesos de corte, ensamblaxe e acabamento, tendo en conta o efecto producido sobre eles.
- Desenvolvemento do proceso de confección e acabamento, axustando e afinando o modelo coas probas necesarias, de maneira que permita a verificación e a valoración do produto obtido.

1.6 Módulo profesional: Moda e tendencias no vestir

- Equivalencia en créditos ECTS: 5.
- Código: MP0589.
- Duración: 107 horas.

1.6.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica as pezas de roupa e os complementos que compuxeron a indumentaria ao longo da historia, analizando materiais, formas e proporcións respecto do corpo humano e o contexto en que se utilizaban.
 - CA1.1. Determináronse as proporcións das pezas que conforman un traxe, a partir de siluetas propostas e as variacións da figura humana.
 - CA1.2. Explicáronse os modelos estéticos máis frecuentes canto á indumentaria e aos complementos no vestir actual.
 - CA1.3. Identificáronse os factores que determinan os tipos de pezas ao longo do tempo e o seu uso.
 - CA1.4. Identificáronse as técnicas e os materiais aplicados na realización de indumentaria segundo o seu uso, o seu costume e o seu destino a través do tempo.
 - CA1.5. Analizáronse pezas para relacionar a súa forma co seu uso e cos costumes existentes.
 - CA1.6. Clasificáronse modelos e os seus compoñentes segundo o seu uso por diversos segmentos de poboación, sexo e idade.
 - CA1.7. Valorouse a influencia do contexto sociolaboral na imaxe persoal.
- RA2. Identifica as pezas de roupa e os complementos que compoñen o vestiario escénico ao longo da historia, analizando materiais, deseños e o contexto en que se utilizaban.
 - CA2.1. Describíronse os factores que determinan os tipos de indumentaria e a súa evolución para a súa aplicación no vestido para espectáculos.
 - CA2.2. Analizáronse vestimentas de distintas épocas, observando figurinos ou traxes e identificando as pezas e as súas formas.
 - CA2.3. Xustificáronse as proporcións que requiren os traxes dunha época determinada, para ambientar un espazo escénico.
 - CA2.4. Describíronse as características das pezas interiores ou exteriores que modifican a silueta do/da intérprete.
 - CA2.5. Describiuse a variación nas proporcións de formas e volumes para adaptar a silueta dunha época determinada ás medidas da figura humana actual, tendo en conta o criterio artístico.
 - CA2.6. Identificáronse os tipos de indumentaria de época susceptible de ser utilizada por persoas con diferente estrutura corporal, e especificáronse as variacións que se poden incorporar ao vestiario escénico.
- RA3. Describe a evolución ao longo da historia do sector produtivo do téxtil, da confección e da pel, analizando as implicacións que supuxo na profesión de xastre/a.
 - CA3.1. Describiuse o taller de xastraría e a profesión de xastre/a nas civilizacións antigas e clásicas.
 - CA3.2. Valorouse a influencia dos primeiros teares na indumentaria.

- CA3.3. Describíronse as primeiras máquinas de coser e a súa influencia na xastraría.
- CA3.4. Caracterizouse a fabricación téxtil e a confección na Idade Media e no Renacemento.
- CA3.5. Explicouse a aparición das confrarías e dos gremios.
- CA3.6. Analizouse a repercusión da Revolución Industrial do século XVIII no sector produtivo.
- CA3.7. Analizouse a influencia das novas tecnoloxías nos procesos produtivos e no presente e o futuro da profesión de xastre/a.
- RA4. Identifica tendencias de moda, valorando a información salientable en relación ao sector de poboación a que se dirixe e á temporada considerada.
 - CA4.1. Identificáronse as características dos materiais asociados a cada tendencia.
 - CA4.2. Relacionouse a tendencia co sector a que se dirixa (infantil, señora e xuvenil).
 - CA4.3. Relacionáronse as tendencias co contexto social imperante (deportivo, lecer e etiqueta).
 - CA4.4. Identificáronse as principais vías para obter a información das próximas tendencias.
 - CA4.5. Extraeuse información de diversas fontes (revistas, noticiarios, internet e exposicións).
 - CA4.6. Elaborouse un expediente sobre a información obtida acerca de tendencias e composicións de cores.
- RA5. Actualiza a información técnica relativa ás pezas de roupa e aos complementos, identificando as fontes de información e seleccionando os contidos significativos.
 - CA5.1. Identificáronse fontes de información técnica relacionadas co sector e verificouse a súa fiabilidade.
 - CA5.2. Identificáronse posibles subministradores/a de material téxtil e de complementos.
 - CA5.3. Clasificouse información sobre terminoloxía técnica que se aplica na clasificación de canons de beleza, diferentes estilos e variacións en relación coas características físicas e co perfil psicosocial e laboral.
 - CA5.4. Analizouse información referente ás normas de protocolo en materia de indumentaria de aplicación en distintas situacións sociais e laborais.
 - CA5.5. Elaborouse documentación coa información seleccionada.

1.6.2 Contidos básicos

BC1. Identificación das pezas e dos complementos que compuxeron a indumentaria ao longo da historia

- Xustificación e motivación da indumentaria humana.
- Historia da indumentaria. Evolución das súas características a través das culturas.
- Factores que inflúen no xeito de vestir na historia da humanidade.
- Indumentaria da humanidade primitiva e das primeiras civilizacións.
- Indumentaria desde os grandes imperios da antigüidade ata a Idade Media.
- Indumentaria desde a Idade Media ata mediados do século XIX.

- Deseños de moda actuais.
- Deseños de alta costura.
- Deseños de "prêt-à-porter".
- Técnicas e materiais aplicados na realización de indumentaria.
- Cambios sociais e entrada da muller no mundo laboral: repercusión na moda. Influencia do ámbito sociolaboral na moda.

BC2. Identificación das pezas e dos complementos que compoñen o vestiario escénico

- Indumentaria teatral na Idade Antiga: imaxe clásica.
- O traxe nas representacións teatrais da Idade Media.
- Indumentaria para espectáculos na Idade Moderna.
- Indumentaria para espectáculos na Idade Contemporánea.
- Indumentaria desde a Revolución Francesa ata 1900.
- O século XX e os rápidos cambios na silueta.
- Evolución da silueta. Peculiaridades segundo as culturas e o seu ámbito de influencia. Estruturas e recheos que modifican a silueta.
- Vestiario de teatro: pezas, compoñentes de pezas e complementos.
- Indumentaria no espectáculo actual. Posibles tendencias futuras.

BC3. Descrición da evolución da historia do sector téxtil, de confección e de pel

- Gremios. A profesión de xastre/a ao longo da historia. A figura do/da deseñador/a.
- Obradoiros artesanais nos últimos séculos. Calidade artesanal.
- Revolución Industrial: repercusión no sector produtivo.
- Aparición da máquina de coser: consecuencias.
- Casas de moda: alta costura.
- Novas tecnoloxías: máquinas e utensilios que inflúen na evolución do vestir actual e futuro.

BC4. Identificación de tendencias de moda

- Clasificación de tendencias en función do sector a que se dirixa. Segmentación do mercado (sexo, idade, contexto social e nivel económico).
- Tendencias clásicas: primavera-verán e outono-inverno.
- Influencia dos acontecementos políticos e artísticos na indumentaria.
- Moda e deseñadores/as.
- Coincidencias en deseños da mesma tendencia e autoría.
- Identificación dun estilo.
- Salóns monográficos.
- Feiras da moda.
- Desfiles en pasarelas de moda.
- Revistas técnicas.

- Páxinas web.

BC5. Actualización da información técnica

- Fontes de información tradicionais e novas tecnoloxías.
- Bases de datos. Selección e arquivamento da información.
- Normas de protocolo de indumentaria en diferentes situacións sociais e laborais.
- Redacción de informes con documentación técnica.

1.6.3 Orientacións pedagóxicas

A formación contida neste módulo aplícase ao conxunto das funcións que as persoas con esta titulación de técnico superior poden desempeñar, e abrangue aspectos relacionados con:

- Identificación de tendencias da indumentaria.
- Análise da influencia que tivo sobre a moda e sobre o vestuario para espectáculos o contexto sociopolítico, económico e cultural de cada civilización, e a época en que se desenvolveu.
- Análise da evolución histórica do oficio ou da profesión de xastre/a, así como da industria téxtil e da confección.
- Obtención de información acerca de novas modas e tendencias a través de diversas canles.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais c) e o) do ciclo formativo, e as competencias c) e o).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Evolución histórica da moda e do vestuario para espectáculos.
- Análise das formas e dos materiais da indumentaria ao longo da historia das civilizacións, as súas motivacións e as súas causas.
- Influencia das novas tecnoloxías nos deseños de moda e na profesión de xastre/a.
- Seguimento das canles relacionadas co mundo da moda (salóns monográficos, pasarelas da moda, revistas especializadas de moda, televisión, etc.).

1.7 Módulo profesional: Deseño de vestiario á medida

- Equivalencia en créditos ECTS: 10.
- Código: MP0590.
- Duración: 140 horas.

1.7.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica e interpreta tendencias de moda, valorando a información e establecendo criterios técnicos e estéticos para o deseño de vestiario á medida e para espectáculos.
 - CA1.1. Seleccionáronse as fontes de información de tendencias de moda.
 - CA1.2. Interpretáronse as tendencias de moda segundo criterios culturais, sociolóxicos e económicos.
 - CA1.3. Describíronse as características funcionais, estéticas e técnicas que deben cumprir as pezas que se vaian deseñar, en función das necesidades da clientela tipo.
 - CA1.4. Analizouse a ergometría do corpo humano e dos movementos, en función dos tipos e dos talles.
 - CA1.5. Transformouse a información en bosqueños útiles para seren convertidos en deseños.
 - CA1.6. Obtívose unha carta de cores, texturas e materiais, actualizada segundo as tendencias.
 - CA1.7. Tratouse e transformouse a información co uso de programas informáticos.
 - CA1.8. Arquívase a información xerada en soporte informático.
- RA2. Selecciona materiais innovadores, mellorando deseños existentes e optimizando produtos ou procesos.
 - CA2.1. Obtívose a información útil sobre novos materiais téxtiles do sector.
 - CA2.2. Propuxéronse novos produtos a través da iniciativa I+D+I, optimizando os antigos.
 - CA2.3. Seleccionáronse os materiais innovadores do sector, segundo as necesidades do segmento do mercado.
 - CA2.4. Aplicáronse melloras en deseños previos, a partir de novos materiais.
 - CA2.5. Documentouse a información técnica e artística en soporte dixital mediante o software adecuado.
- RA3. Realiza deseños técnicos, aplicando cartas de cores e mostrarios de téxtiles e outros materiais.
 - CA3.1. Seleccionáronse os utensilios, os soportes, os formatos e o software informático máis adecuados para a realización dos deseños.
 - CA3.2. Realizáronse deseños segundo as tendencias de moda e as necesidades do/da cliente/a.
 - CA3.3. Interpretáronse e combináronse as cores e as texturas, segundo a teoría da cor.
 - CA3.4. Obtivéronse mostras de matices, tonalidades e texturas a partir das cores de tendencia de moda, para lograr efectos sobre os materiais.
 - CA3.5. Determináronse as especificacións técnicas dos deseños.

- CA3.6. Incorporáronse especificacións para a súa confección posterior.
- CA3.7. Realizáronse os deseños técnicos coa aplicación do software de deseño adecuado.
- RA4. Deseña bosquexos mediante programas informáticos e procedementos tradicionais, axustando ao máximo o efecto virtual ao detalle máis concreto e real.
 - CA4.1. Realizáronse deseños mediante o software específico de deseño de pezas.
 - CA4.2. Realizáronse deseños mediante procedementos tradicionais de deseño de pezas.
 - CA4.3. Reproducíronse os materiais mediante o software adecuado.
 - CA4.4. Reproducíronse os acabamentos mediante o software adecuado.
 - CA4.5. Realizáronse fichas técnicas de deseño coas especificacións de confección á medida e de materiais.
 - CA4.6. Comprobáronse os deseños con programas de simulación 3D.
- RA5. Determina os procesos de confección adecuados para a elaboración das pezas, analizando a súa viabilidade económica.
 - CA5.1. Especificáronse os materiais necesarios para a confección das pezas.
 - CA5.2. Estimáronse os medios materiais e humanos necesarios.
 - CA5.3. Elixíuse o procedemento de confección.
 - CA5.4. Establecéronse as fases do proceso.
 - CA5.5. Establecéronse os equipamentos de confección necesarios.
 - CA5.6. Valorouse a súa adecuación ao deseño orixinal, a súa adecuación de uso e a súa fiabilidade.
 - CA5.7. Realizouse a validación do deseño de acordo coas necesidades de clientes/as tipo.
 - CA5.8. Realizáronse as modificacións e/ou correccións do modelo orixinal.

1.7.2 Contidos básicos

BC1. Interpretación de tendencias de moda

- Análise de tendencias.
- Criterios técnicos e estéticos para o deseño de vestuario á medida e para espectáculos.
- Elementos que determinan o deseño: criterios para o deseño de artigos en téxtil e pel.
- Características funcionais: estéticas e técnicas.
- Ergometría do corpo humano e dos movementos.
- Relación entre moda, calidade e prezo.
- Aplicación de programas informáticos.

BC2. Selección de materiais innovadores

- Selección de tecidos, peles e materiais, segundo calidades, texturas, formas, cores e fornitureas.
- Produtos e procesos de innovación de materiais.
- Investigación de materiais, de sustentabilidade de procesos técnicos, de procesos produtivos e de mercados.

- Sistemas de calidade e mellora no deseño.
- Fontes de información técnica e artística.
- Aplicación de programas informáticos.

BC3. Realización de deseños técnicos

- Proxectos de vestiario: realización de deseños.
- Ferramentas e materiais tradicionais e informáticos para a elaboración de deseños.
- Avaliación da viabilidade de deseños. Viabilidade técnica: criterios e métodos de valoración.
- Identificación de compoñentes de pezas.
- Representación gráfica aplicada ao deseño de vestiario á medida: normativa.
- Teoría da cor.
- Especificacións técnicas para a confección dos deseños.
- Aplicación de programas informáticos.

BC4. Deseño de bosquejos

- Análise da forma humana.
- Planificación de bosquejos.
- Técnicas e ferramentas tradicionais utilizadas no deseño de vestiario á medida.
- Software para o deseño de pezas de vestiario á medida.
- Representación gráfica aplicada ao deseño de vestiario á medida: normativa.
- Programas de simulación de deseño en 3D.
- Ficheiros dixitais.
- Modificacións no deseño de artigos en téxtil e pel.

BC5. Determinación dos procesos de confección das pezas

- Calidade de deseño e de confección.
- Análise do proceso.
- Especificacións técnicas de traballo.
- Normativa de puntadas e costuras.
- Documentación técnica.

1.7.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de deseño de vestiario á medida e para o espectáculo, atendendo ás tendencias de moda, elaborando bosquejos destes e determinando o proceso de confección, nas condicións de custo e calidade requiridas.

A función de deseño vestiario á medida e para o espectáculo abrangue aspectos como:

- Análise de estilos e tendencias de modas.
- Definición e desenvolvemento de pezas.

- Definición de procesos de confección á medida.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Deseño para xastraría e confección á medida.
- Análise e interpretación de documentación achegada.
- Selección de materiais e cores.
- Definición de pezas.
- Elaboración de bosquexos e deseños técnicos.
- Análise de viabilidade.
- Definición do proceso produtivo.
- Rexistro e arquivamento de información xerada.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais b) e o) do ciclo formativo, e as competencias b) e o).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Aplicación de estilos e tendencias de moda.
- Estudos sobre selección de materiais.
- Programas informáticos de deseño.
- Técnicas tradicionais de deseño en vestiario á medida.
- Adecuación a un deseño predeterminado de procesos de confección á medida.

1.8 Módulo profesional: Confección de vestuario á medida

- Equivalencia en créditos ECTS: 17.
- Código: MP0591.
- Duración: 266 horas.

1.8.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Realiza unións de costura en distintos materiais, aplicando técnicas manuais e a máquina, de cosedura e de pegado.
 - CA1.1. Preparáronse as máquinas e os equipamentos de corte e cosedura.
 - CA1.2. Seleccionáronse os fíos adecuados aos materiais que se vaian ensamblar.
 - CA1.3. Seleccionáronse e describíronse as ferramentas e os utensilios necesarios segundo as características dos materiais.
 - CA1.4. Colocáronse correctamente os materiais para realizar as costuras de unión.
 - CA1.5. Seleccionáronse as puntadas á man e a máquina.
 - CA1.6. Realizouse o documento técnico específico de ensamblaxe.
 - CA1.7. Executáronse as operacións de cosedura e pegado dos diversos compoñentes.
 - CA1.8. Aplicáronse normas de prevención de riscos laborais nos procesos de costura.
- RA2. Obtén as pezas do modelo, aplicando as técnicas de estendido, marcada e corte.
 - CA2.1. Analizouse o comportamento dos materiais no corte.
 - CA2.2. Seleccionáronse os padróns que se corresponden coa documentación técnica do modelo.
 - CA2.3. Interpretouse a información descrita nos padróns do modelo.
 - CA2.4. Estendéronse tecidos e materiais de acordo coas características da peza.
 - CA2.5. Distribuíronse as pezas tendo en conta as características do material, optimizando a marcada.
 - CA2.6. Obtivéronse e identificáronse todas as pezas do modelo.
 - CA2.7. Realizouse o documento técnico específico de corte.
 - CA2.8. Aplicáronse normas de prevención de riscos laborais nos procesos de corte.
- RA3. Realiza a proba do modelo sobre manequín, axustándoo ás liñas de referencia do corpo en función do deseño.
 - CA3.1. Seleccionáronse as puntadas e as costuras de confección á man ou a máquina adecuadas aos materiais.
 - CA3.2. Realizáronse as operacións previas á ensamblaxe á man.
 - CA3.3. Comprobouse que a ensamblaxe de pezas principais se corresponda coas súas dimensións ou formas.
 - CA3.4. Preparáronse os elementos secundarios dispoñibles, para os incorporar nunha segunda proba, en caso necesario.
 - CA3.5. Verificouse que a peza se adapte á silueta ao colocala directamente sobre o manequín ou sobre a persoa.

- CA3.6. Realizouse a operación de descosadura coas ferramentas e cos utensilios adecuados.
- CA3.7. Definíronse correctamente todos os cambios e as novas achegas realizadas na proba.
- CA3.8. Marcouse a situación de todos os elementos secundarios, dos accesorios e dos ornamentos.
- RA4. Confecciona o modelo definitivo coas rectificacións e os axustes obtidos na proba, aplicando técnicas de desmontaxe, afinamento e ensamblaxe.
 - CA4.1. Realizouse o afinamento e o encarado de todas as pezas do modelo, logo do axuste da proba.
 - CA4.2. Analizouse a necesidade de máquinas e de equipamentos relacionados coa ensamblaxe definitiva do modelo.
 - CA4.3. Realizouse a ensamblaxe de todas as pezas do modelo, de acordo coas marcas da peza.
 - CA4.4. Analizouse a necesidade dunha segunda proba coa inclusión de forros e entreforros, para o correcto axuste da peza.
 - CA4.5. Realizáronse controis de calidade durante o proceso de confección.
 - CA4.6. Incluíronse ou aplicáronse sistemas de pechamento, cremalleiras e adornos.
- RA5. Expón o modelo, executando os procesos de acabado, etiquetaxe e presentación propios da confección á medida.
 - CA5.1. Verificouse a exactitude e a calidade da peza, logo dun control visual das operacións executadas.
 - CA5.2. Seleccionáronse as formas e as máquinas adecuadas para a peza para o seu correcto acabado.
 - CA5.3. Axustáronse aos materiais da peza os parámetros do ferro de pasar.
 - CA5.4. Comprobouse que a calidade final corresponda á requirida.
 - CA5.5. Seleccionouse o xeito de embalaxe e presentación da peza ao/a cliente/a.
 - CA5.6. Aplicáronse normas de prevención de riscos: protocolo de actuación.

1.8.2 Contidos básicos

BC1. Realización de unións de costura

- Preparación de máquinas e utensilios para a ensamblaxe de materiais.
- Máquinas de confección para artigos téxtiles e de pel.
- Órganos operadores das máquinas de confección en téxtil e pel.
- Sistemas de seguridade das máquinas de confección.
- Organización no posto de traballo: ergonomía e seguridade.
- Tipos e clases de agullas.
- Fíos: características, tipos e aplicacións.
- Preparación e ensamblaxe de materiais téxtiles e de pel.
- Puntadas e costuras no proceso de confección.
- Operacións no proceso de confección á medida.
- Interpretación do documento técnico.

- Operacións de acabado dos artigos téxtiles ou de pel.
- Máquinas auxiliares: tipos e aplicacións.
- Control de calidade.
- Características técnicas dos materiais.

BC2. Obtención das pezas do modelo

- Técnicas de preparación de materiais para proceder ao corte.
- Mesas de corte.
- Técnicas de estendido de tecidos e colocación.
- Corte de materiais.
- Criterios de distribución de padróns. Factores que interveñen.
- Marcada: optimización e rendemento.
- Utilización de ferramentas, pesas, pinzas de suxeición e utensilios de marcada.
- Sistemas de corte.
- Máquinas e utensilios de corte.
- Realización do corte convencional de diferentes materiais.
- Parámetros que interveñen no proceso de corte.
- Preparación de compoñentes cortados: identificación e etiquetaxe.
- Separación de operacións intermedias previas á ensamblaxe.
- Normas de seguridade persoal e de uso no manexo dos utensilios: características e aplicacións.

BC3. Realización da proba do modelo

- Proceso de preparación e montaxe de pezas para a proba.
- Identificación das liñas de referencia do corpo: proporcións, formas e silueta.
- Técnicas de unión de pezas do modelo.
- Confección á man de aplicacións.
- Colocación correcta da peza, no manequín ou sobre a persoa.
- Interpretación da proba: control e verificación de axustes.
- Criterios na realización do número necesario de probas.
- Aplicación de técnicas de adaptación.
- Utensilios para a descosadura, suxeición e marcación durante a proba.
- Técnicas de descosadura e desmontaxe na proba.
- Arquivamento da información xerada.

BC4. Confección do modelo definitivo

- Operacións previas á ensamblaxe e intermedias.
- Rectificacións, afinamentos e traslados de marcas cos utensilios necesarios.
- Plan de traballo.

- Proceso de confección de modelos segundo o produto.
- Preparación e axuste das máquinas, dos equipamentos e das ferramentas.
- Selección e aplicación da técnica de ensamblaxe adecuada.
- Aplicación de forros e entreforros.
- Aplicación de pechamentos e adornos.
- Aplicación de controis de calidade establecidos durante o proceso.
- Rectificación dos defectos detectados.
- Normas de seguridade persoal e de uso no manexo dos utensilios.

BC5. Exposición do modelo

- Criterios e aplicacións para o acabado.
- Medios materiais e utensilios que hai que utilizar.
- Operacións de acabado nos artigos téxtiles ou de pel: acabamentos interiores e exteriores; etiquetaxe.
- Equipamentos para pasar o ferro a artigos téxtiles e de pel.
- Axuste dos órganos operadores: parámetros para a pasada do ferro.
- Aplicación e cumprimento das normas de prevención de riscos: protocolos de actuación.
- Equipamentos de protección individual. Ergonomía.
- Instrucións de conservación e mantemento dos traxes.
- Presentación da peza.

1.8.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de elaboración de pezas de confección á medida.

Esta función abrangue aspectos como:

- Interpretación de modelos. Desenvolvemento.
- Preparación e posta a punto de máquinas e materiais.
- Estudo de marcacións.
- Corte e despezamento do modelo.
- Execución dos procesos de ensamblaxe para a proba.
- Rectificación, afinamento, axuste e acabamentos.
- Manexo de equipamentos informáticos.
- Control de calidade das operacións no proceso.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Interpretación da documentación técnica.
- Selección de máquinas e equipamentos.
- Preparación e corte de materiais.
- Execución da ensamblaxe e de acabamentos de pezas.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais i) e j) do ciclo formativo, e as competencias i) e j).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Identificación e análise de modelos no ámbito da confección de vestuario á medida (fases e etapas que interveñen no proceso de confección).
- Selección dos padróns que se corresponden co modelo, acudindo ao arquivo do departamento técnico ou á procura por medios informáticos.
- Selección e comportamento de máquinas e materiais empregados na confección á medida de vestuario nos procesos de corte, ensamblaxe e acabamentos, tendo en conta o efecto producido sobre estes.
- Organización e desenvolvemento do proceso de confección de pezas á medida que se desexe obter, axustando e afinando o modelo, coas probas necesarias, que permita a verificación e a valoración do produto obtido, aplicando os criterios de calidade en cada fase do proceso.

1.9 Módulo profesional: Proxecto de vestiario á medida e de espectáculos

- Equivalencia en créditos ECTS: 5.
- Código: MP0592.
- Duración: 26 horas.

1.9.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.
 - CA1.1. Clasificáronse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.
 - CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.
 - CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas.
 - CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.
 - CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.
 - CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.
 - CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.
 - CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.
 - CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.
- RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.
 - CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.
 - CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.
 - CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido.
 - CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.
 - CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.
 - CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.
 - CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.
 - CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.
 - CA2.9. Identificáronse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.
- RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.

- CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.
- CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.
- CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.
- CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.
- CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.
- CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.
- CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.
- CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.
- RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.
 - CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.
 - CA4.2. Definíronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
 - CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.
 - CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.
 - CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.
 - CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.
 - CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.
- RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.
 - CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.
 - CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.
 - CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
 - CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.
 - CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.
 - CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
 - CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.
 - CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.
 - CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.

- CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.

1.9.2 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional complementa a formación establecida para o resto dos módulos profesionais que integran o título nas funcións de análise do contexto, deseño do proxecto e organización da execución.

A función de análise do contexto abrangue as subfuncións de compilación de información, identificación de necesidades e estudo de viabilidade.

A función de deseño do proxecto ten como obxectivo establecer as liñas xerais para dar resposta ás necesidades presentadas, concretando os aspectos salientables para a súa realización. Inclúe as subfuncións de definición do proxecto, planificación da intervención e elaboración da documentación.

A función de organización da execución inclúe as subfuncións de programación de actividades, xestión de recursos e supervisión da intervención.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense en todo o sector do téxtil.

Fomentarase e valorarase a creatividade, o espírito crítico e a capacidade de innovación nos procesos realizados, así como a adaptación da formación recibida en supostos laborais e en novas situacións.

O equipo docente exercerá a tutoría das seguintes fases de realización do traballo, que se realizarán fundamentalmente de xeito non presencial: estudo das necesidades do sector produtivo, deseño, planificación, e seguimento da execución do proxecto.

A exposición do informe, que realizará todo o alumnado, é parte esencial do proceso de avaliación e defenderase ante o equipo docente.

Polas súas propias características, a formación do módulo relaciónase con todos os obxectivos xerais do ciclo e con todas as competencias profesionais, persoais e sociais, barranto no relativo á posta en práctica de diversos aspectos da intervención deseñada.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Execución de traballos en equipo.
- Responsabilidade e autoavaliación do traballo realizado.
- Autonomía e iniciativa persoal.
- Uso das TIC.

1.10 Módulo profesional: Formación e orientación laboral

- Equivalencia en créditos ECTS: 5.
- Código: MP0620.
- Duración: 107 horas.

1.10.1 Unidade formativa 1: Prevención de riscos laborais

- Código: MP0620_12.
- Duración: 45 horas.

1.10.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
 - CA1.1. Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
 - CA1.2. Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
 - CA1.3. Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
 - CA1.4. Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
 - CA1.5. Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
 - CA1.6. Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector téxtil.
 - CA1.7. Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
- RA2. Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector téxtil.
 - CA2.1. Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
 - CA2.2. Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
 - CA2.3. Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
 - CA2.4. Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
 - CA2.5. Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.
- RA3. Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.

- CA3.1. Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
- CA3.2. Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
- CA3.3. Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
- CA3.4. Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
- CA3.5. Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
- CA3.6. Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
- CA3.7. Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- CA3.8. Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
- RA4. Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
 - CA4.1. Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
 - CA4.2. Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
 - CA4.3. Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
 - CA4.4. Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
 - CA4.5. Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
 - CA4.6. Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

1.10.1.2 Contidos básicos

BC1. Dereitos e obrigas en seguridade e saúde laboral

- Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
- Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
- Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
- Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
- Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

BC2. Avaliación de riscos profesionais

- Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
- Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
- Riscos específicos no sector téxtil en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
- Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector téxtil.

BC3. Planificación da prevención de riscos na empresa

- Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
- Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
- Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
- Planificación da prevención na empresa.
- Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
- Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
- Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

BC4. Aplicación de medidas de prevención e protección na empresa

- Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
- Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
- Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
- Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

1.10.2 Unidade formativa 2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego

- Código: MP0620_22.
- Duración: 62 horas.

1.10.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
 - CA1.1. Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos, e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
 - CA1.2. Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
 - CA1.3. Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
 - CA1.4. Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.

- CA1.5. Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- CA1.6. Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
- CA1.7. Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
- RA2. Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñeceos en diferentes situacións de traballo.
 - CA2.1. Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
 - CA2.2. Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
 - CA2.3. Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
 - CA2.4. Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
 - CA2.5. Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
 - CA2.6. Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
 - CA2.7. Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
 - CA2.8. Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
 - CA2.9. Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
 - CA2.10. Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
 - CA2.11. Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
 - CA2.12. Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.
- RA3. Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
 - CA3.1. Valórouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
 - CA3.2. Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
 - CA3.3. Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
 - CA3.4. Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
 - CA3.5. Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- RA4. Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.

- CA4.1. Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
- CA4.2. Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exixencias do proceso produtivo.
- CA4.3. Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
- CA4.4. Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
- CA4.5. Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- CA4.6. Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
- CA4.7. Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- CA4.8. Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
- CA4.9. Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

1.10.2.2 Contidos básicos

BC1. Xestión do conflito e equipos de traballo

- Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
- Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
- Equipos no sector téxtil segundo as funcións que desempeñen.
- Dinámicas de grupo.
- Equipos de traballo eficaces e eficientes.
- Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
- Conflito: características, tipos, causas e etapas.
- Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

BC2. Contrato de traballo

- Dereito do traballo.
- Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
- Análise da relación laboral individual.
- Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
- Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

- Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
- Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
- Sindicatos e asociacións empresariais.
- Representación das persoas traballadoras na empresa.
- Conflitos colectivos.
- Novos contornos de organización do traballo.

BC3. Seguridade social, emprego e desemprego

- A seguridade social como pilar do estado social.
- Estrutura do sistema de seguridade social.
- Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
- Protección por desemprego.
- Prestacións contributivas da seguridade social.

BC4. Procura activa de emprego

- Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
- Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- Proceso de toma de decisións.
- Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
- Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

1.10.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector téxtil.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais p), q), r), s) e w) do ciclo formativo, e as competencias p), q), r) e u).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao sector téxtil.
- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:
 - Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.

- Manexo de fontes de información, incluídos os recursos de internet para a procura de emprego.
- Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Estudo das condicións de traballo do sector téxtil a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector téxtil.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo semanais sexan consecutivas.

1.11 Módulo profesional: Empresa e iniciativa emprendedora

- Equivalencia en créditos ECTS: 4.
- Código: MP0900.
- Duración: 53 horas.

1.11.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.
 - CA1.1. Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
 - CA1.2. Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
 - CA1.3. Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
 - CA1.4. Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector téxtil.
 - CA1.5. Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
 - CA1.6. Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
 - CA1.7. Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito profesional do técnico superior en Vestuario á Medida e de Espectáculos, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
 - CA1.8. Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
- RA2. Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.
 - CA2.1. Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
 - CA2.2. Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
 - CA2.3. Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
 - CA2.4. Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
 - CA2.5. Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de realización de vestuario á medida e de espectáculos en función da súa posible localización.

- CA2.6. Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
- CA2.7. Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa realización de vestiario á medida e de espectáculos, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
- CA2.8. Identificáronse, en empresas de realización de vestiario á medida e de espectáculos, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
- CA2.9. Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
- CA2.10. Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
- CA2.11. Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de realización de vestiario á medida e de espectáculos, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
- CA2.12. Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
- RA3. Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.
 - CA3.1. Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
 - CA3.2. Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
 - CA3.3. Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector téxtil.
 - CA3.4. Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
 - CA3.5. Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
 - CA3.6. Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
 - CA3.7. Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
 - CA3.8. Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de realización de vestiario á medida e de espectáculos, tendo en conta a súa localización.
 - CA3.9. Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- RA4. Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.
 - CA4.1. Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
 - CA4.2. Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

- CA4.3. Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa realización de vestiario á medida e de espectáculos, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).
- CA4.4. Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, notas provisorias e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de realización de vestiario á medida e de espectáculos, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.
- CA4.5. Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

1.11.2 Contidos básicos

BC1. Iniciativa emprendedora

- Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de realización de vestiario á medida e de espectáculos (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
- A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
- Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
- Actuación das persoas emprendedoras no sector téxtil.
- O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
- Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
- Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
- Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.

BC2. A empresa e o seu contorno

- A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
- Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de realización de vestiario á medida e de espectáculos: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
- Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de realización de vestiario á medida e de espectáculos: clientela, provedores/as, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
- Localización da empresa.
- A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
- Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
- Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
- Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
- Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

BC3. Creación e posta en marcha dunha empresa

- Formas xurídicas das empresas.
- Responsabilidade legal do empresariado.
- A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
- Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
- Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
- Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de realización de vestiario á medida e de espectáculos.
- Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

BC4. Función administrativa

- Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector téxtil.
- Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
- Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
- Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
- Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de realización de vestiario á medida e de espectáculos: documentos administrativos e documentos de pagamento.
- Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

1.11.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os obxectivos xerais ñ), o), p), q), r), s), t) e v) do ciclo formativo, e as competencias ñ), o), p), q) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información sobre o sector das empresas relacionadas coa realización de vestiario á medida e para o espectáculo, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.
- Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector téxtil.
- Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.
- Realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade de realización de vestiario á medida e para o espectáculo, composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

O plan de empresa incluíra os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións.

O plan financeiro ha incluír o plan de tesouraría, a conta de resultados previsional e o balance previsional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

ProXecto

1.12 Módulo profesional: Lingua estranxeira profesional I

- Código: MPI003.
- Duración: 53 horas.

1.12.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Recoñece información específica do ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos contida en discursos orais claros e extensos, emitidos en lingua estranxeira, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.
 - CA1.1. Identificouse a idea principal de mensaxes e de conversas propias do ámbito profesional, sen necesidade de entender o discurso na súa totalidade.
 - CA1.2. Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio auditivo.
 - CA1.3. Extraéronse informacións específicas da mensaxe.
 - CA1.4. Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas, e outras formas de presentación académica e profesional.
 - CA1.5. Comprenderonse as instrucións orais que poidan darse en procesos de comunicación do seu ámbito profesional.
 - CA1.6. Identificáronse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.
 - CA1.7. Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral.
- RA2. Interpreta información contida en textos escritos complexos en lingua estranxeira relacionados co ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos, e analiza de xeito comprensivo os seus contidos.
 - CA2.1. Comprenderonse textos específicos do seu ámbito profesional e extraeuse a información máis relevante.
 - CA2.2. Interpretouse o contido global da mensaxe na que se utiliza a terminoloxía máis habitual.
 - CA2.3. Interpretouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes.
 - CA2.4. Léronse con independencia distintos tipos de textos, co apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
 - CA2.5. Realizáronse traducións directas e inversas de textos específicos utilizando materiais de consulta e dicionarios técnicos.
 - CA2.6. Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita.
- RA3. Produce mensaxes orais claras e ben estruturadas, e participa como axente activo/a en conversas do ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos, analizando o contido da situación e adaptándose ao rexistro lingüístico do/da interlocutor/a.
 - CA3.1. Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas.
 - CA3.2. Utilizáronse os rexistros adecuados para a emisión da mensaxe.

- CA3.3. Realizáronse de maneira clara presentacións breves e preparadas sobre un tema dentro da súa especialidade.
- CA3.4. Preparouse unha presentación persoal para unha entrevista de traballo.
- CA3.5. Emitíronse mensaxes orais precisas e concretas para resolver situacións puntuais.
- CA3.6. Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión en producións orais.
- CA3.7. Describiuse con fluidez o seu contorno profesional máis próximo co uso das estratexias de comunicación necesarias.
- CA3.8. Describíronse imprevistos relacionados coa profesión.
- CA3.9. Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia.
- CA3.10. Xustificouse a aceptación ou o rexeitamento de propostas realizadas.
- CA3.11. Solicitouse a reformulación do discurso ou de parte del, cando se considerou que cumpría.
- CA3.12. Respectáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión oral.
- RA4. Elabora e cobre documentos de carácter técnico e informes propios do ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos, consonte modelos e formatos habituais na lingua estranxeira.
 - CA4.1. Producíronse textos relacionados con aspectos profesionais e organizouse a información de xeito coherente e cohesionado.
 - CA4.2. Cubriuse documentación específica do seu campo profesional.
 - CA4.3. Realizáronse resumos de textos relacionados co seu contorno profesional.
 - CA4.4. Utilizáronse correctamente a terminoloxía e o vocabulario específico da profesión, en textos escritos.
 - CA4.5. Utilizáronse as fórmulas de cortesía en presentacións e despedidas propias do documento que se vaia elaborar.
 - CA4.6. Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia.
 - CA4.7. Describíronse as competencias propias do contorno laboral.
 - CA4.8. Elaborouse a resposta a unha solicitude de emprego a partir dunha oferta de traballo.
 - CA4.9. Elaborouse un curriculum vitae.
 - CA4.10. Respectáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión escrita.

1.12.2 Contidos básicos

BC1. Interpretación de discursos orais claros e extensos, emitidos en lingua estranxeira, no ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos

- Procesos de comunicación no seu ámbito profesional. Instrucións orais.
- Mensaxes orais e conversas propias do ámbito profesional. Idea principal. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
- Presentacións académicas e profesionais. Conferencias. Charlas.
- Terminoloxía do ámbito profesional.
- Recursos lingüísticos para a interpretación de discursos orais extensos.

- Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na comprensión oral.

BC2. Interpretación de mensaxes escritas complexas, emitidas en lingua estranxeira, no ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos

- Textos específicos do ámbito profesional. Relevancia da información.
- Vocabulario específico do ámbito profesional.
- Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
- Tradución directa e inversa de textos específicos.
- Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.
- Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na comprensión escrita.

BC3. Produción de mensaxes orais e participación en conversas, en lingua estranxeira, no ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos

- Organización da información en textos orais.
- Rexistros na comunicación oral. Adecuación ao ámbito profesional.
- A entrevista de traballo e a presentación persoal, en lingua estranxeira.
- Terminoloxía do ámbito profesional.
- Estratexias de comunicación no ámbito profesional. Mantemento da fluidez da conversa.
- Recursos lingüísticos para a produción de mensaxes orais e para a participación en conversas.
- Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.

BC4. Elaboración e formalización de documentos escritos en lingua estranxeira, no ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos

- Organización da información en textos escritos.
- Resumo e formalización de documentación. Documentos de carácter técnico e laboral.
- Vocabulario específico do ámbito profesional.
- Elaboración de respostas a ofertas de traballo e de solicitudes de emprego.
- Elaboración do curriculum vitae.
- Recursos lingüísticos para a elaboración e a formalización de documentos escritos.
- Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.

1.12.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para alcanzar unha competencia comunicativa eficaz en lingua estranxeira, requirida para o desenvolvemento da actividade formativa do alumnado, para a súa inserción laboral e para o seu futuro exercicio profesional.

Para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa eficaz cómpre introducir o

contexto profesional propio do perfil do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos nas actividades de ensino e aprendizaxe.

A formación do módulo é de carácter transversal e, xa que logo, contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo e as competencias do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión na lingua estranxeira, tanto oralmente como por escrito, para o ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- Competencia comunicativa do alumnado como persoa usuaria independente da lingua estranxeira, no ámbito profesional do ciclo formativo.
- Estratexias didácticas que incorporen o uso da lingua estranxeira en actividades propias do ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- Vocabulario específico correspondente á terminoloxía do sector profesional.
- Contextos cultural e sociolingüístico, e uso pragmático da lingua estranxeira.
- Utilización das técnicas de comunicación para potenciar o traballo en equipo.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

1.13 Módulo profesional: Lingua estranxeira profesional II

- Código: MPI004.
- Duración: 53 horas.

1.13.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Interpreta información do ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio.
 - CA1.1. Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional.
 - CA1.2. Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas.
 - CA1.3. Comprenderonse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, e identifícanse as pautas de cortesía asociadas.
 - CA1.4. Identifícanse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira.
 - CA1.5. Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional.
 - CA1.6. Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral.
- RA2. Interpreta información profesional do ámbito do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio.
 - CA2.1. Identifícanse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira.
 - CA2.2. Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional.
 - CA2.3. Interpretáronse estatísticas e gráficos en lingua estranxeira sobre o ámbito profesional.
 - CA2.4. Léronse e comprendéronse, con un alto grao de independencia, distintos tipos de textos.
 - CA2.5. Identificouse o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais.
 - CA2.6. Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes.
 - CA2.7. Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita.
- RA3. Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
 - CA3.1. Expresouse con fluidez sobre temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas.

- CA3.2. Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, consonte as pautas de cortesía asociadas.
- CA3.3. Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.
- CA3.4. Utilizouse un vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.
- CA3.5. Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente nexos e estratexias de interacción, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
- CA3.6. Formuláronse as preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta da mensaxe.
- CA3.7. Proporcionáronse as respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.
- CA3.8. Transmitíronse con fluidez mensaxes relativas a calquera eventualidade.
- CA3.9. Atendéronse consultas telefónicas propias do ámbito profesional.
- CA3.10. Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión oral.
- RA4. Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz.
 - CA4.1. Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros.
 - CA4.2. Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes consonte as convencións apropiadas para estes textos.
 - CA4.3. Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional
 - CA4.4. Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos.
 - CA4.5. Elaboráronse documentos propios da actividade profesional cunha estrutura coherente e con cohesión, empregando o vocabulario e os signos de puntuación adecuados.
 - CA4.6. Elaboráronse documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades.
 - CA4.7. Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego.
 - CA4.8. Elaborouse un curriculum vitae no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira.
 - CA4.9. Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión escrita.

1.13.2 Contidos básicos

BC1. Interpretación de información do ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos en textos orais e conversas complexos, en lingua estranxeira

- Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
- Comprensión de mensaxes complexas propias do ámbito profesional.

- Mensaxes de saúdo e de despedida. Formas de presentación lingüisticamente complexas. Pautas de cortesía asociadas.
- Ferramentas de apoio para a interpretación da lingua estranxeira.
- Recursos lingüísticos para a tradución da lingua estranxeira.
- Interpretación de información sobre produtos e servizos do ámbito profesional.
- Terminoloxía do ámbito profesional.
- Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión oral.

BC2. Interpretación de escritos e documentos en lingua estranxeira, no ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos

- Textos específicos do ámbito profesional. Servizos e produtos do ámbito.
- Comprensión independente de diferentes tipos de textos.
- Interpretación de gráficos e estatísticas.
- Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
- Información específica en mensaxes técnicas.
- Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.
- Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión escrita.

BC3. Producción de mensaxes orais e participación en conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos

- Estratexias comunicativas para unha expresión fluída sobre temas profesionais. Relación entre as ideas e mantemento da claridade no discurso oral.
- Mensaxes de saúdo, presentación e despedida. Producción consonte as pautas de cortesía asociadas.
- Fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.
- Vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.
- Estratexias de interacción en conversas habituais do ámbito profesional. Uso correcto de nexos. Nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
- Preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta dunha mensaxe. Respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.
- Fluidez na transmisión de mensaxes relativas a calquera eventualidade.
- Consultas telefónicas propias do ámbito profesional.
- Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.

BC4. Redacción e formalización de documentos de carácter profesional en lingua estranxeira, no ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos

- Formalización de formularios, informes breves e outros documentos normalizados ou rutineiros.

- Redacción de cartas, correos electrónicos, notas e informes.
- Estrutura coherente e recursos cohesivos.
- Vocabulario específico do ámbito profesional.
- Elaboración de documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades.
- Redacción de cartas de presentación para ofertas de emprego.
- Elaboración do curriculum vitae.
- Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.

1.13.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para alcanzar unha competencia comunicativa eficaz en lingua estranxeira, requirida para o desenvolvemento da actividade formativa do alumnado, para a súa inserción laboral e para o seu futuro exercicio profesional.

Para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa eficaz cómpre introducir o contexto profesional propio do perfil do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos nas actividades de ensino e aprendizaxe.

A formación do módulo é de carácter transversal e, xa que logo, contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo e as competencias do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión na lingua estranxeira, tanto oralmente como por escrito, para o ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- Competencia comunicativa do alumnado como persoa usuaria independente da lingua estranxeira, no ámbito profesional do ciclo formativo.
- Estratexias didácticas que incorporen o uso da lingua estranxeira en actividades propias do ámbito profesional do técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos.
- Vocabulario específico correspondente á terminoloxía do sector profesional.
- Contextos cultural e sociolingüístico, e uso pragmático da lingua estranxeira.
- Utilización das técnicas de comunicación para potenciar o traballo en equipo.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

1.14 Módulo profesional: Formación en centros de traballo

- Equivalencia en créditos ECTS: 22.
- Código: MP0901.
- Duración: 384 horas.

1.14.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa en relación coa produción e a comercialización dos produtos que obtén.
 - CA1.1. Identificouse a estrutura organizativa da empresa e as funcións de cada área.
 - CA1.2. Comprobose a estrutura da empresa coas organizacións empresariais tipo existentes no sector.
 - CA1.3. Identificáronse os elementos que constitúen a rede loxística da empresa (provedores/as, clientela, sistemas de produción e almacenaxe, etc.).
 - CA1.4. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento da prestación de servizo.
 - CA1.5. Valoráronse as competencias necesarias dos recursos humanos para o desenvolvemento óptimo da actividade.
 - CA1.6. Valorouse a idoneidade das canles de difusión máis frecuentes nesta actividade.
- RA2. Amosa hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.
 - CA2.1. Recoñecéronse e xustificáronse a dispoñibilidade persoal e temporal necesarias no posto de traballo.
 - CA2.2. Recoñecéronse e xustificáronse as actitudes persoais (puntualidade, empatía, etc.) e profesionais (orde, limpeza, responsabilidade, etc.) necesarias para o posto de traballo.
 - CA2.3. Recoñecéronse e xustificáronse os requisitos actitudinais ante a prevención de riscos na actividade profesional.
 - CA2.4. Recoñecéronse e xustificáronse os requisitos actitudinais referidos á calidade na actividade profesional.
 - CA2.5. Recoñecéronse e xustificáronse as actitudes relacionadas co propio equipo de traballo e coa xerarquía establecida na empresa.
 - CA2.6. Recoñecéronse e xustificáronse as actitudes relacionadas coa documentación das actividades realizadas no ámbito laboral.
 - CA2.7. Recoñecéronse e xustificáronse as necesidades formativas para a inserción e a reinserción laboral no ámbito científico e técnico do bo facer profesional.
 - CA2.8. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais e os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais de aplicación na actividade profesional.
 - CA2.9. Aplicáronse os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.

- CA2.10. Mantívose unha actitude de respecto polo ambiente nas actividades desenvolvidas.
- CA2.11. Mantivéronse organizados, limpos e libres de obstáculos o posto de traballo e a área correspondente ao desenvolvemento da actividade.
- CA2.12. Responsabilizouse do traballo asignado, interpretando e cumprindo as instrucións recibidas.
- CA2.13. Estableceuse unha comunicación eficaz coa persoa responsable en cada situación e cos membros do equipo.
- CA2.14. Coordinouse co resto do equipo e comunicou as incidencias salientables.
- CA2.15. Valorouse a importancia da actividade propia e a necesidade de adaptación aos cambios de tarefas.
- CA2.16. Responsabilizouse da aplicación das normas e dos procedementos no desenvolvemento do seu traballo.
- RA3. Realiza operacións de preparación da actividade laboral aplicando técnicas e procedementos de acordo con instrucións e normas establecidas.
 - CA3.1. Interpretáronse as instrucións recibidas para a preparación da actividade laboral.
 - CA3.2. Identificouse a documentación asociada á preparación dos procesos laborais que cumpra desenvolver.
 - CA3.3. Utilizáronse os procedementos de control consonte as instrucións ou normas establecidas.
 - CA3.4. Identificáronse as necesidades de acondicionamento dos espazos onde se vaia realizar a actividade laboral.
 - CA3.5. Aplicáronse correctamente os criterios para o inicio da actividade laboral, tendo en conta instrucións e normas establecidas.
 - CA3.6. Recoñecéronse e determináronse as necesidades das persoas destinatarias do servizo tendo en conta os protocolos establecidos.
 - CA3.7. Realizáronse correctamente os procedementos para o primeiro contacto coas persoas usuarias, utilizando medios e aplicando técnicas segundo instrucións e normas establecidas.
 - CA3.8. Identificáronse as dificultades xurdidas no proceso de preparación da actividade laboral.
 - CA3.9. Realizáronse as actividades de preparación tendo en conta os principios de respecto pola intimidade das persoas usuarias.
- RA4. Pon en práctica as actividades previstas no plan de traballo relacionando as instrucións e as normas establecidas coa aplicación de procedementos e técnicas inherentes ás actividades que se vaian desenvolver.
 - CA4.1. Interpretáronse as instrucións recibidas para a realización da actividade laboral.
 - CA4.2. Identificouse a documentación asociada aos procesos laborais que cumpra desenvolver.
 - CA4.3. Realizáronse as tarefas seguindo os procedementos establecidos.
 - CA4.4. Realizáronse as actividades laborais tendo en conta os criterios deontolóxicos da profesión.
 - CA4.5. Respectouse a confidencialidade da información relativa ás persoas usuarias coas que se teña relación.

- CA4.6. Empregáronse as actitudes adecuadas ao tipo de persoa usuaria, á situación ou á tarefa.
- CA4.7. Empregáronse os recursos técnicos apropiados á actividade.
- CA4.8. Seguíronse os procedementos establecidos na utilización dos recursos técnicos.
- CA4.9. Relacionáronse as técnicas empregadas coas necesidades das persoas destinatarias do servizo.
- RA5. Cumpre criterios de seguridade e hixiene, actuando conforme normas hixiénico-sanitarias, de seguridade laboral e de protección ambiental.
 - CA5.1. Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coa normativa legal e as específicas da propia empresa.
 - CA5.2. Recoñecéronse os comportamentos ou as aptitudes susceptibles de producir problemas hixiénico-sanitarios ou de seguridade.
 - CA5.3. Empregouse a vestimenta apropiada á actividade.
 - CA5.4. Aplicáronse os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.
 - CA5.5. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais que cumpra aplicar na actividade profesional e os aspectos fundamentais da lexislación aplicable.
 - CA5.6. Mantívose unha actitude clara de respecto polo ambiente nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas.
 - CA5.7. Executáronse as operacións de recollida, selección, clasificación e eliminación ou vertido de residuos.
- RA6. Analiza o produto realizado, en relación cos criterios de calidade asumidos ou establecidos no sector.
 - CA6.1. Valorouse o grao de cumprimento das instrucións recibidas para a realización da actividade laboral.
 - CA6.2. Identificouse a documentación asociada aos procesos de control e seguimento da súa actividade.
 - CA6.3. Amosouse unha actitude crítica coa realización das actividades.
 - CA6.4. Comprobouse o seguimento do procedemento establecido para a realización das tarefas.
 - CA6.5. Aplicáronse os criterios deontolóxicos da profesión na realización das actividades profesionais.
 - CA6.6. Argumentouse a adecuación das técnicas e dos recursos empregados.

1.14.2 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contribúe a completar as competencias do título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos, e os obxectivos xerais do ciclo, tanto os que se alcanzaran no centro educativo como os de difícil consecución nel.

2. Anexo II

A) Espazos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
▪ Aula polivalente.	60	40	20 %
▪ Aula de padronaxe.	90	60	25 %
▪ Espazo de confección.	180	120	5 %
▪ Laboratorio de materiais.	60	40	50 %

- A consellería con competencias en materia de educación poderá autorizar unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducir os espazos formativos proporcionalmente ao número de alumnos e alumnas, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.
- O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas no centro educativo, por un grupo de alumnado, respecto da duración total destas.
- Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnado que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.
- En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas aos espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.

B) Equipamentos mínimos

Equipamento
– Equipamentos informáticos en rede e con conexión a internet. Software de propósito xeral. – Equipamentos audiovisuais. – Mesas de debuxo. – Táboa dixitalizadora. – Plóter. – Mesa para copiar padróns. – Moblaxe axeitada para cada espazo. – Máquinas de coser. – Ollaladoras. – Máquina de bordar. – Máquinas de corte de coitela vertical e de coitela circular. – Máquinas de perforar colchón. – Etiquetadoras. – Tesoiras eléctricas. – Mesa de corte. – Cabezal de corte con cuño. – Material auxiliar de padronaxe. – Luvas protectoras. – Manequín de señora, de home e infantil. – Equipamento para pór broches e forrar botóns. – Máquina impresora de etiquetas. – Termofixadora. – Equipamento e mesa para pasar o ferro, universal e con aspiración e soprado.

Equipamento

- Microscopios.
- Balanzas de precisión.
- Aspa para numeración de fíos.
- Romana para numeración de fíos.
- Filoplano.
- Torsiómetro.
- Dinamómetro para fíos e tecidos.
- Equipamento de laboratorio de química xeral e para análise de materiais.
- Estufa de acondicionamento de materiais téxtiles.
- Medidor de pilling.
- Esclatómetro.
- Lavadora.
- Permeabilímetro.
- Medidor do grosor de peles e tecidos, e da solidez dos tecidos ao rozamento.
- Escala de azuis e grises.

3. Anexo III

A) Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Vestiario á Medida e de Espectáculos

Módulo profesional	Especialidade do profesorado	Corpo
▪ MP0276. Materiais en téxtil, confección e pel.	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP0585. Técnicas de modelaxe e padronaxe de vestiario á medida.	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de Formación Profesional.
▪ MP0586. Xestión de recursos de vestiario á medida.	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP0587. Vestiario de espectáculos.	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de Formación Profesional.
▪ MP0588. Xastraría clásica.	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de Formación Profesional.
▪ MP0589. Moda e tendencias no vestir.	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP0590. Deseño de vestiario á medida.	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP0591. Confección de vestiario á medida.	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de Formación Profesional.
▪ MP0592. Proxecto de vestiario á medida e espectáculos.	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de Formación Profesional.
▪ MP0620. Formación e orientación laboral.	Formación e Orientación Laboral	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MP0900. Empresa e iniciativa emprendedora.	Formación e Orientación Laboral	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
▪ MPI003. Lingua estranxeira profesional I	Especialidade da lingua estranxeira en que se imparta o módulo. Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel. (*) Padronaxe e Confección. (*)	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario. Profesorado técnico de Formación Profesional.
▪ MPI004. Lingua estranxeira profesional II	Especialidade da lingua estranxeira en que se imparta o módulo. Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel. (*) Padronaxe e Confección. (*)	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario. Profesorado técnico de Formación Profesional.

(*) Profesorado con atribución docente no ciclo formativo que posúa a habilitación lingüística que corresponda ao nivel C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas, de acordo coa normativa aplicable en Galicia.

B) Titulacións habilitantes para os efectos de docencia

Corpos	Especialidades	Titulacións
▪ Profesorado de ensino secundario.	Formación e Orientación Laboral.	– Diplomado/a en Ciencias Empresariais. – Diplomado/a en Relacións Laborais – Diplomado/a en Traballo Social. – Diplomado/a en Educación Social. – Diplomado/a en Xestión e Administración Pública.

	Procesos e Produtos de T��til, Confecci��n e Pel.	Enxe��iro/a t��cnico industrial, especialidade T��til.
Profesorado t��cnico de formaci��n profesional.		- T��cnico superior en Procesos de Confecci��n Industrial ou outros t��tulos equivalentes. - T��cnico superior en Padronaxe ou outros t��tulos equivalentes.

C) Titulaci  ns requiridas para a impartici  n dos m  dulos profesionais que conforman o t  tulo para os centros de titularidade privada e doutras administraci  ns distintas da educativa, e orientaci  ns para a Administraci  n educativa

M��dulos profesionais	Titulaci��ns
- MP0276. Materiais en t��til, confecci��n e pel. - MP0586. Xesti��n de recursos de vestiario �� medida. - MP0589. Moda e tendencias no vestir. - MP0590. Dese��o de vestiario �� medida. - MP0620. Formaci��n e orientaci��n laboral. - MP0900. Empresa e iniciativa emprendedora. - MPI003. Lingua estranxeira profesional I. - MPI004. Lingua estranxeira profesional II.	Licenciado/a, enxe��iro/a, arquitecto/a ou o t��tulo de grao correspondente, ou os que se declaren equivalentes.
- MP0585. T��cnicas de modelaxe e padronaxe de vestiario �� medida. - MP0587. Vestiario de espect��culos. - MP0588. Xastrar��a cl��sica. - MP0591. Confecci��n de vestiario �� medida. - MP0592. Proxecto de vestiario �� medida e espect��culos.	- Licenciado/a, enxe��iro/a, arquitecto/a ou o t��tulo de grao correspondente, ou outros t��tulos equivalentes. - Diplomado/a, enxe��iro/a t��cnico/a, arquitecto/a t��cnico/a ou o t��tulo de grao correspondente, ou outros t��tulos equivalentes. - T��cnico/a superior en procesos de confecci��n industrial ou outros t��tulos equivalentes. - T��cnico/a superior en Padronaxe ou outros t��tulos equivalentes.

4. Anexo IV

A) Validacións entre módulos profesionais de títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990 (LOXSE) e os establecidos no título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006

Módulos profesionais incluídos nos ciclos formativos establecidos na LOXSE	Módulos profesionais do ciclo formativo (LOE): Vestiario á Medida e de Espectáculos
■ Materias, produtos e ensaios de calidade téxtil. ■ Estudo e calidade das peles.	■ MP0276. Materiais en téxtil, confección e pel.

B) Validacións entre módulos profesionais establecidos no título de técnico superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos e os doutros títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006 (LOE)

Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais	Módulos profesionais para validar e ciclos formativos aos que pertencen
■ MPI003. Lingua estranxeira profesional I.	■ Calquera módulo profesional de Lingua estranxeira profesional I de grao superior.
■ MPI004. Lingua estranxeira profesional II.	■ Calquera módulo profesional de Lingua estranxeira profesional II de grao superior.

5. Anexo V

A) Correspondencia das unidades de competencia acreditadas consonte o establecido no artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, cos módulos profesionais para a súa validación

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0474_3: Analizar materias primas, produtos e procesos de confección, calzado e marroquinaria.	MP0276. Materiais en téxtil, confección e pel.
UC0912_3: Analizar e interpretar o deseño, colaborando na definición do produto en téxtil e pel.	MP0590. Deseño de vestuario á medida.
UC1513_2: Procurar información e documentar os cambios na silueta, nos usos e nos costumes da indumentaria.	MP0589. Moda e tendencias no vestir.
UC1514_3: Xestionar recursos para a realización de vestuario á medida.	MP0586. Xestión de recursos de vestuario á medida.
UC1516_3: Supervisar e realizar os procesos de corte, confección, probas e acabamentos de vestuario á medida.	- MP0591. Confección de vestuario á medida. - MP0588. Xastraría clásica.
- UC0913_3: Desenvolver a modelaxe de pezas sobre manequín. - UC1515_3: Crear padróns de pezas para vestuario á medida.	MP0585. Técnicas de modelaxe e padronaxe de vestuario á medida.
- UC1518_3: Planificar o desenvolvemento do vestuario a partir dos figurinos do proxecto artístico. - UC1521_3: Transformar materiais téxtiles e non téxtiles para o seu uso en vestuario de espectáculo.	MP0587. Vestuario de espectáculos.
UC1519_3: Realizar a modelaxe, a padronaxe e o corte de vestuario do espectáculo.	MP0585. Técnicas de modelaxe e padronaxe de vestuario á medida.

B) Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0276. Materiais en téxtil, confección e pel.	UC0474_3: Analizar materias primas, produtos e procesos de confección, calzado e marroquinaria.
MP0590. Deseño de vestuario á medida.	UC0912_3: Analizar e interpretar o deseño, colaborando na definición do produto en téxtil e pel.
MP0589. Moda e tendencias no vestir.	UC1513_2: Procurar información e documentar os cambios na silueta, nos usos e nos costumes da indumentaria.
MP0586. Xestión de recursos de vestuario á medida.	- UC1514_3: Xestionar recursos para a realización de vestuario á medida. - UC1237_2: Atender a clientela nos servizos de realización de vestuario á medida.
- MP0591. Confección de vestuario á medida. - MP0588. Xastraría clásica.	UC1516_3: Supervisar e realizar os procesos de corte, confección, probas e acabamentos de vestuario á medida.
MP0587. Vestuario de espectáculos.	- UC1518_3: Planificar o desenvolvemento do vestuario a partir dos figurinos do proxecto artístico. - UC1521_3: Transformar materiais téxtiles e non téxtiles para o seu uso en vestuario de espectáculo.
MP0585. Técnicas de modelaxe e padronaxe de vestuario á medida.	- UC0913_3: Desenvolver a modelaxe de pezas sobre manequín. - UC1515_3: Crear padróns de pezas para vestuario á medida. - UC1519_3: Realizar a modelaxe, a padronaxe e o corte de vestuario do espectáculo.

ProXecto

6. Anexo VI

Organización dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Vestuario á Medida e de Espectáculos para o réxime ordinario

Curso	Módulo	Duración	Especialidade do profesorado
1º	■ MP0276. Materiais en téxtil, confección e pel.	160	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.
1º	■ MP0585. Técnicas de modelaxe e padronaxe de vestuario á medida.	267	Padronaxe e Confección.
1º	■ MP0589. Moda e tendencias no vestir.	107	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.
1º	■ MP0591. Confección de vestuario á medida.	266	Padronaxe e Confección.
1º	■ MP0620. Formación e orientación laboral.	107	Formación e orientación laboral
1º	■ MPI003. Lingua estranxeira profesional I	53	Especialidade da lingua estranxeira en que se imparta o módulo. Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel. (*) Padronaxe e Confección. (*)
Total 1º (FCE)		960	
2º	■ MP0586. Xestión de recursos de vestuario á medida.	105	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.
2º	■ MP0587. Vestuario de espectáculos.	123	Padronaxe e Confección.
2º	■ MP0588. Xastraría clásica.	156	Padronaxe e Confección.
2º	■ MP0590. Deseño de vestuario á medida.	140	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.
2º	■ MP0900. Empresa e iniciativa emprendedora.	53	Formación e Orientación Laboral
2º	■ MPI004. Lingua estranxeira profesional II	53	Especialidade da lingua estranxeira en que se imparta o módulo. Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel. (*) Padronaxe e Confección. (*)
Total 2º (FCE)		630	
2º	■ MP0592. Proxecto de vestuario á medida e espectáculos.	26	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel. Padronaxe e Confección.
2º	■ MP0901. Formación en centros de traballo.	384	

(*) Profesorado con atribución docente no ciclo formativo que posúa a habilitación lingüística que corresponda ao nivel C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas, de acordo coa normativa aplicable en Galicia.

7. Anexo VII

Organización dos módulos profesionais en unidades formativas de menor duración

Módulo profesional	Unidades formativas	Duración
■ MP0276. Materiais en téxtil, confección e pel.	■ MP0276_12. Materias téxtiles.	115
	■ MP0276_22. Peles e coiros.	45
■ MP0585. Técnicas de modelaxe e padronaxe de vestiario á medida.	■ MP0585_12. Técnicas de padronaxe de vestiario á medida.	180
	■ MP0585_22. Técnicas de modelaxe de vestiario á medida.	87
■ MP0620. Formación e orientación laboral.	■ MP0620_12. Prevención de riscos laborais.	45
	■ MP0620_22. Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	62